



# A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 101 \* DO 11 AO 17 DE ABRIL DE 1980 \* 40 PTS.

## COSTA LUGUESA VIA LIBRE A UNHA DESFEITA



**O SALVADOR  
MONSEÑOR ROMERO  
NA LOITA  
ANTI-IMPERIALISTA**

**O FUNDIMENTO  
DO "VIKING"  
A AMPLIACION DA  
REFINERIA, ILEGAL**

**ABERRI EGUNA 80:  
O MAIS DURO**

**CONSTRUCION,  
CONVENIO NACIONAL**



DIBUXO: CARLOS MASIDE

**RAFAEL DIESTE  
galeguismo universalista**





anteproxecto de convenio de poder realizarse un analítico e fondo estudo interpretativo do mesmo.

No seu momento faremos chegar a representación dos traballadores o anteproxecto elaborado por esta Federación.

Na confianza de que atenderán a nosa petición, saudao atentamente.

JUAN B. COSTAS MARTINEZ SECRETARIO DE LA FEDERACION DE EMPRESARIOS DE TRANSPORTES POR CARRETERA Y SERVICIOS AUXILIARES DE PONTEVEDRA VIGO



**IDIOMA BONITO, PERO NADA SERIO**

Sres. INTERSINDICAL NACIONAL GALEGA VIGO

Moi señores nosos:

Agradeceomolle moito a atención que con nosco tiveror ao enviarnos o seu anteproxecto para o próximo convenio colectivo do sector do transporte a negociarse no mes de Abril.

A petición dos membros da Comisión do Convenio desta Federación Provincial de Empresarios do Transporte, pregámoslle enviarnos unha versión na lingua española do artigo do seu



MARTÍN.....

Foi publicado en "El Correo Gallego", "Rodolfo Martín Villa", exministro del Interior. ¿Recuerdan?. El que se despla-

za a cualquier punto del territorio a enterrar una víctima".

Con este xiro ao Marcial Lafuente Estefanía, diríase que se está asinalando ao terrorista co dedo.



**SOA, IGUAL DA MEDO**

A corporación municipal de Gijón (Nafarroa) decidira en sesión plenaria que no "Alcornoque" (Día da Pátria Basca), a bandeira nacional de Euzkadi onduara soa no mastro, sen o constitucional acompañamento da "roja y gualda". E vén o Goberno Civil, e dalle pé a información periodística: "Orden al Ayuntamiento de Gijón: La Bandera de España que ondee junto a la ikurriña."

Ar 1.

**NONSEISESABERAS**

Certo "Eubensei", que firma un traballo en "El Correo Gallego" sobre a actividade musical en Compostela, engade unha P.D., que reproducimos: "non poidemos reprimir o noso noxo pola diaria contemplación nos muros e fachadas da cidade monumental de tanto empellamento indiscriminado e pintadas".

Náia que o noxo non atinxa tamén á diaria contemplación do "neoiorkino" porque automobilístico que fai inhabilitabel a cidade. Anque, ben pensado, coches e propaganda son distintos intereses.



Ilustración: FIZ VALCARCEL



**SUBSCREBASE  
A  
A NOSA TERRA**



## CORUÑA

## A AMPLIACION DA REFINERIA, ILEGAL

Hai uns días os veciños de Meicende, pobo perto da Coruña, celebraron unha assemblea multitudinaria na que decidiron oporse por todos os medios a construción da "Terceira Ampliación" da Refinería cuxas obras xa están en marcha desde fai tempo anque non teñan a oportuna licéncia municipal de ningún dos Axuntamentos onde querén emplazar dita factoría: Coruña e Arteixo.

Xa antes mandaran escritos e alegacións a todos os organismos correspondentes, non tomando estes decisión ningunha, agás do Axuntamento da Coruña que fixo paralizar as obras que se facían na

sua xurisdición por non contar coa oportuna licéncia.

PETROLIBER, S.A., propietaria da Refinería da Coruña, empezou fai tempo unhas obras a carón mesmo dos núcleos de poboación de Meicende, Borda, Barreiro e Nostian sen previa autorización dos Axuntamentos onde están os terreos.

Estas obras as que PETROLIBER S.A. lle chama a "Terceira Ampliación" e que darán lugar a instalación dunha planta de Coque F.C.C.; segundo as nosas informacións trátase dunha nova planta, xa que vai ser case o dobre da factoría existente.


## OBRAS ILEGAIS

Os Veciños, por medio da A.A.V.V. "San José Obrero" opuxéronse desde ún primeiro momento a estas obras que se estaban facendo sen contar coas oportunas autorizacións. O día catro de xaneiro do presente ano xa mandaron un escrito ao axuntamento de Arteixo onde, acolléndose ao Art. 184 da vixente lei do chan, pedían a paralización das mesmas.

Pero o Axuntamento non se pronunciou e as obras seguiron a un ritmo acelerado. Este escrito seguironlle outros quince pero a ningún se contestou. Non foi recibida resposta tampouco dos escritos mandados á Xunta, Obras Públicas o 14 de febreiro, con acuse de recibo. Sanidade pola súa banda escurriu o bullo.

Así as cousas, voltaron presentar outro escrito o 27 de febreiro, avalado por 482 firmas de "cabezas de familia", onde asíxian razoadamente que non se concedese a licéncia. A este escrito acompañaban uns planos onde se podían ver que as obras non cumprían tampouco coa lei do 30 de novembro do 1961 xa que eran moitos os núcleos de poboación, como se pode ver, que están a menos de dous mil metros a factoría. Hai que dicir tamén que o chan onde querén asentir a planta de coque F.C.C. está declarado non urbanizábel.

Acompañaban tamén este escrito unha acta notarial número 1 E 99-54766 firmada Eduardo Menéndez Valdés, Axuntaban tamén fotografías onde se podían ver xa as obras en avanzado estado de xestación, polo que pedían tamén a súa inmediata paralización, cousa que aínda non decretou o Axuntamento de



Arteixo. Hai que dicir que a maioría dos concellais son da U.C.D.

## A CONTAMINACION SOBREPASARA OS LIMITES PERMITIDOS

Que as obras desta terceira fase se están realizando sen autorización e aínda non as paralizasen non ten nada de estrano, xa que a "segunda ampliación",

como lles gusta chamar aos de Petroliber S.A., xa levá ben tempo funcionando e aínda non conta cos correspondentes permisos de obras.

Por outra banda, e deixando a un lado a total ilegalidade, os veciños opoñense pola catástrofe

que a súa implantación vai traer na zona.

Segundo os estudos realizados por ADEGA, os pobos limítrofes están moitas veces baixo o límite da contaminación, chegando en moitas ocasións a sobrepasar a barreira de permisividade establecida, que se cifra en 400 ugrs. Concretamente o 30 de xullo de 1979 a contaminación chegou a emerxencia de segundo grado con 4004 ugrs.

Coa posta en funcionamento desta planta de Coque F.C.C., calcúlase que o límite vai estar sobrepasando continuamente, chegando a afirmar que o HF,

NOx e os hidratos-aldeídos van aumentar case nun cincuenta por cen. Tamén as partículas en sus-

pensión, hoxe xa múltiples, van aumentar nunha gran medida.

Petroliber, S.A. nos seus estudos so ten en conta a contaminación que producen as súas propias factorías, non tendo en conta a producida polas factorías de aluminio, amoníaco, etc.

Pola súa banda Sanidade, que realiza unha medición diaria, nunca facilitou os datos reais de tal comprobación.

A niveis baixos de contaminación por HF, NOx dáse a bronquite crónica e asma, pero cando estes niveis suben poden chegar a causar a morte repentina.

## O POBO NON SE BENEFICIA EN NADA

Cando a planta estea en fun-

cionamiento, se é que a poñen algun día, empregará a 170 persoas, das cais só doce serían obreiros.

O pobo pensa que vai ocorrer como sempre, que ningún dos seus veciños se vai beneficiar destes postos. Nas obras que hoxe xa se están realizando non hai traballando ningún do pobo. Cando foron as expropiacións dos terreos, a empresa estivo negociando con algúns propietarios a súa inclusión en plantilla pero ao conquistar os terreos as negociacións racharonse e os donos quedaron sen emprego.

Meicende non conta tampouco coas máis mínimas estruturas sanitarias nen viais por se se producira unha posíbel alarma por calquera tipo de accidente. Por non haber non hai neste pobo, de máis de catro mil habitantes,

(Pasa a páx. seguinte)

Edita: Promocións Culturais Galegas S.A.

Comisión de Fundadores: Acosta Beiras, Xoaquín; Fontenla Rodríguez, Xosé Luis; López Gómez, Felipe Senén; Morales Quintana, Xosé Enrique; Varela García, Cesar.

Directora: Margarita Ledo Andión

Redactores e Colaboradores: Xosé L. Corral, Alfonso Eyré,

## A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

X. M. González, X. Ramón Pousa, Lois Celeiro, Pablo Viz, Paco Arrizado (Lugo), Fernando Franco (Vigo), Suso Piñeiro (Ferrol), X. A. Suárez (O Condado), Vázquez Pintor (Morrázo), Ignacio Brisset, F. Cusi, M. Merçe Marçal (Países Catalans), P. Ipa-

rraguirre, Maialde (Euskadi), Xosé Luis G. Labandeira (España), Carlos Durán (Londres), A. P. Dasilva (Porto), J. J. Navarro, Llatzer Moix, Piñeiro, Patiño.

Diseño e Confección: Xurxo Fernández

Fotografía: Brais, Carballa, Fernando Bellas, Xurxo Fernández.

Dibuxos: X. Marín, X. Maside, A. Sucasas, Fiz Valcárcel, P. A. Estevez, A. Lamela, Alexandro, Loquis, C. Corredoira, X. Xoxardo.

Publicidade: Antonino Torrón Fernández, Telf. 582613.

Redacción e Administración: Troia, 10-1.º - Santiago Redacción: Teléfono 582681. Administración: Telf. 582613.

Imprenta: "La Región, S.A." Offset. C. Quiroga 11-15. Ourense. Dep. Legal: C-963-1977.

Distribución: A Coruña Librería Colón, Telf. 222206. Santiago, Prensa Nacional, Telf. 583456. Pontevedra, Librería Cao, Telf. 855374. Vigo, Distribuidora Víguesa, Telf. 414570. Ferrol, Distribuidora Velo, Telf. 357707. Lugo, Souto, Telf. 213425. Ourense, Vda. de Lisardo, Telf. 230218. Bilbao, Distribuidora Vasca, Telf. 4231933. Barcelona, F. Rafales Artal, Telf. 2433658.



(Ven da páx. anterior)

ne tan xiquera un médico ou un practicante. Pero non so iso, hai que contar que estea previsto que nuns anos a poboación chegue a perto de vinte mil.

Esta obra levara consigo tamén que dúas novas tuberías se veñan sumando as que pasan por debaixo da Coruña.

**OS PARTIDOS NON DIN NADA**

A administración non se move, o Axuntamento de Arteixo cala. Petroliber vai recurrir contra a decisión da Corporación Municipal coruñesa, e algúns partidos políticos tampouco din moito polo a asemblea celebrada só asistiron os representantes do Bloque e Xavier Soliña, pero a título persoal, xa que o PSOE, que conta cun concelleiro na directiva da AA.VV., dixo que tiña que pensalo antes de pronunciarse. Outros partidos invitados, así como o alcalde da Coruña, declinaron a súa asistencia ou non fixeron acto de presenza.

"Non comprendemos a actuación de partidos que se chaman de esquerda e obreiros, o que non queren e mollan o cu", diron un dirixente da AA.VV.

Para o día 18 de abril a AA.VV. teñen pedido autorización para celebrar unha manifestación ás oito da tarde en Arteixo, "contra a instalación da planta e a política caciquil do Axuntamento".

ALFONSO EYRE

Habia tempo, e a partir maiormente de propostas da ING, que se viña falando en Galicia de convénios colectivos a nivel nacional.

No Vidro e Cerámica, Maieira e algún outro sector xurdiran iniciativas que, unhas veces pola negativa terminante da patronal, outras pola dalgún sindicato dos anomeados "maioritarios", nunca foran adiante. Houbo noustante un

sector que, ben pola súa importancia global e semellanza de problemas en todo o país, ben polo carácter dos sindicatos hexemónicos nel (maiormente CSUT e ING), a idea callou axiña. Era o sector da Construción, e anque diversas circunstancias, as máis importantes a oposición radical da patronal e a falla de decisión da maioría dos sindicatos, inviabilizaran a cuestión estes dous anos pasados, a situación actual das relacións laborais no país maiormente reflexados na negociación dos convénios colectivos, apuraba aos sindicatos a abandonar a solución do Convénio Nacional Galego da Construción. Neste contexto, celebrábase mércores 9 a Xuntanza Nacional de Delegados Sindicais do sector en Santiago.

**CONSTRUCION  
POR UN CONVENIO NACIONAL**



CADA QUEN COAS SUAS RAZONS

Na mesa, seis representantes da CTG, CC.OO. e ING. Na súa, arredor de douscentos delegados de todo o país. Muruzábal da CTG, expoñía a situación dos convénios firmados pola UGT unilateralmente coa patronal (Coruña e Pontevedra), un a piques de se firmar (Lugo) e un pendente (Ourense). "De fondo, dúas concepcións: a nosa, do sindicalismo asambleario, e a deles, a UGT, que se e-






rixe en representante e depositario dos intereses dos traballadores". Nesta circunstancia, "a única saída que nos queda aos traballadores é loitar polo Convénio Galego". Engade Muruzábal que ao xuntaren de sobras as tres centrais máis do 50 por cen dos delegados do sector, podíase legalmente denunciar un Convénio do ámbito superior ao provincial. Iniciativa que propoñía amais de solicitar a deshomologación dos convénios provinciais xa firmados.

Nerla, de CC.OO., interveu para dicir que o seu sindicato apoiaba completamente a proposta de denunciar o Convénio Galego, propoñía a creación inmediata dunha Comisión para levar adiante as xestións, e remata cun "Así dá gusto". Xosé Manuel Díaz, da ING, falará claramente a prol do Convénio Nacional, "postura nosa que non é nova, que en base ao noso carácter de sindicato galego de clase estamos a propoñer de hai tempo neste e noutros sectores". Díaz propoñerá aproveitar a mobilización que poida haber en Ourense a curto prazo, o que será motivo de pequenas diferencias cos que pensan que hai que levar a cousa máis vagar (CC.OO), ou dos que din que se cadra non se dá mobilización de Lugo (CTG).

Os membros da ING tamén lembraran a situación actual consecuencia da forma do acordo-marco "que non é máis ca un froito da política de Pacto Social".

**TODOS D'ACORDO NO PRINCIPAL**

Ao final, chegouse doutramente ao acordo. Aprobouse unha proposta da ING, a saber: Esixir o Convénio Nacional Galego xa, e a creación dunha comisión das centrais que terá en conta a dinámica dos diferentes convénios provinciais de cara ao obxectivo do Convénio Nacional; a Comisión ao tempo, encargarse de encetar conversas coa Dirección Xeral de Traballo e tentativas coa Patronal, de editar unha octavilla e de convocar asembleas de zona, de cara a unha mobilización nacional do sector nun día que en principio, recollendo proposta anterior da CTG, sería o 23 deste mes. Este último central tamén propoñerá un pronunciamento contra do acordo-marco e a UGT, e a prol dun sindicalismo asambleario, de clase e galego. As dúas propostas aprobábanse, a primeira cun voto en contra, e o mecanismo de cara ao primeiro Convénio Nacional, poñíase en marcha.

**AS CERAMICAS DO CASTRO  E AS DE SARGA   
DELOS  ESTAN FEITAS  
CON TERRAS GALEGAS,  
AS IDEAS E A CIENCIA  
QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE  
FORMAS DE GALICIA   
E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS **

**ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR  
AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER  
UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEJANDO  
TANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS**



## RIA DE ARES O FUNDIMENTO DO "VIKING"

A comarca ferrolá que comprende dende Miño, a Cedeira, tomando como eixo a cidade de Ferrol, está a pasar unha das súas máis grandes crises desde hai anos, non só polos dez mil parados que hai na zona, senón que agora está o medo de que a solución de Astano se busque polo despido simple e chan de boa parte dos seus traballadores, e tamén porque a maioría de eses dez mil parados rematen en este ano o seu seguro de desemprego, o cal fará cada vez máis perigosa a comarca desde a óptica do Estado. E se socialmente a comarca ferrolá está moi deteriorada, veñense a engadir cada día máis problemas como é o caso do barco mercante grego Viking. Afundido nas augas da Ría de Ares durante a Semana Santa con unha carga de máis de 6.000 toneladas de Potasa, ven pó unha nota de atención máis sobre as medidas de seguridade das nosas rías e da importancia que as autoridades lle dan a riqueza das nosas rías.

En torno a este caso existen unha serie de interrogantes que os homes da ribeira da Ría de Ares se fan e que despois de máis de unha semana ninguén lles contestou. A primeira pregunta que se fan é que deu a orde de que ese barco entrara na ría de Ares, porque xa é un feito repetido que cando existe un barco con dificultades a solución é interna na ría aresá. En conta do análise feito polo Instituto Oceanográfico que por certo tardou máis de unha semana en decidir que a carga do Viking do potasa non dañaba a fauna da ría os mariñeiros din que "toda a merda lle toca a Galicia". E o que se constata oíndo comentarios dos mariñeiros son as loubanzas de riqueza da ría fai cousa nada máis de uns anos cando un barco ao bou en dúas lanzadas recollía máis de dúas toneladas de marisco. Hoxe apenas existe marisco. Chegan noticias que nas lonxas o peixe da ría é desprezado por crelo contaminado. Agora como en outros anos a fame volve a rondar as familias mariñeiras da ría de Ares.

As sete e media da tarde do martes, día 2, fundiuse na ría, entre Mirandas e Punta de San Amedo, o buque grego Viking cun cargamento a bordo de 6.500 toneladas de cloruro de potasio que após dixose non sere perigoso como contaminante. O buque afundiuse a causa dunha fendadura na zona de proa producida, ao que semella, por un forte golpe de mar. Ao saber do caso, movilizouse todo o pobo de Ares e dali saíron numerosos pesqueiros. Colaborou, tamén, o helicóptero do Sar e as lanchas da Comandancia de Marina. Os quince tripulantes do buque, xa foran, porén, postos a salvo, nun remolque salvavidas do barco.

### A POSIBILIDADE DE CONTAMINACION

Despois que pasaron os primeiros momentos nos que salvar aos tripulantes era o prioritario començaron os problemas. Había que saber se o cargamento do Viking era contaminante ou non e en Ares tiñase moi mala memoria destas cousas. O Erkowit e logo o Urquiola deixaron a ría en pésimas condicións para a pesca e isto supón moito para unha grande cantidade de personas que traballan neste sector. Por outra banda, a Administración non fixo demasiado por tratar de reparar os danos, e segundo nos manifestaron mariñeiros, inda faltan por pagar algunhas cantidades importantes que se adeudan desde que estoupou o Urquiola.

Compria saber, pois, se a carga do Viking ia deixarlles, outra volta a ría inservíbel. O Capitán do buque Dimitri Maekis salvou todos os documentos do barco, esquivándose sómente de ún, quizaves o mais importante, o **manifesto de carga**, no que se especifican as características da mesma polo que se tivo que agardar para facer os correspondentes análises da carga e porse en contacto co porto de orixe para que,

dende aló, facilitasen os datos precisos e deste xeito averiguar a posíbel nocividade do cargamento.

### O PERIGO DO COMBUSTIBEL

Se ben a carga non era contaminante, si o era, e moito, o combustíbel que utiliza para a súa

Se ben a carga non era contaminante, si o era, e moito, o combustíbel que utiliza para a súa propulsión o buque unhas 130 toneladas que de se derramar provocarían graves problemas. Ao

día seguinte mesmo do naufraxio xa se localizaron algunhas manchas, inda que cativas, combatidas con deterxentes que guinda-

ron diversos barcos especializados, algun deles xa acondicionado para esta tarefa. Tamén ese mesmo día un buzo taponou os respiradores que permitían a saída do combustíbel ao exterior. A extracción do Fuel iniciouse o día 5 e anque xurdiron certas dificultades, confiábase en rematar o labor ao principio desta semana. Así e todo algunhas manchas deron chegada á costa.

### DESGUACE OU REFLOTE

O lugar no que se atopa o buque siniestrado é moi perigoso para a navegación debido a que é ruta obrigada para os pesqueiros de Ares e para os de Sada. Coa área baixa podese ver e mesmo

camiñar por un dos lombos do barco pero o problema agora está no que se vai facer con el. Sómente caben dúas posibilidades: ben tratar de erguelo por medio duns flotadores adosados ao casco que despois son finchados con

aire ou desguazalo no lugar onde está. A primeira solución parece

ser moi costosa e todas as miras apuntan para a segunda. Este desguace tería que ser realizado por buzos especializados nesta tarefa. O que é claro é que o buque non pode continuar onde está. Polo de agora balizouse a zona cunha boia grande de cor roxo provista dun dispositivo luminoso para a noite, pero non abonda.

### SOLICITOU PERMISO PARA ENTRAR EN ASTANO

A Semana Santa foi outro dos factores que interviron no siniestro inda que de maneira indirecta. Segundo declaracións de fontes próximas á casa consignaría o barco tiña solicitado permiso para entrar a reparar a fendadura que tiña no casco nun dos diques de Astano pero este permiso foille negado debido á festividade da Semana Santa, polo que se lle ordenou que fondease á entrada da ría de Ares á espera que se reanudasen as actividades da factoría ferrolana despois de semana. Pero os acontecementos precipitaronse e a fendadura aumentou, producíndose unha vía de auga que levou o barco a pique.

### ARES UNHA RIA SEGURA

A paradoxa dáse no senso que a ría de Ares, segun manifestaron mariñeiros con experiencia, é unha das máis seguras de Galicia pois se se exceptúan os baixos de Miranda non hai outro perigo para a navegación. Porén, este é o terceiro incidente grave que se produce na zona en pouco tempo. Menos mal que esta vez confiase en que o siniestro non afecte á vida da ría que inda anda empuzando a se recuperar da marea negra do Urquiola.

L.T.

## crónica política

*O Aberri Eguna, o Día da Pátria Vasca, estivo este ano, como moitos outros non moi lonxanos, prohibido polo Goberno español. Pero, desta vez, a postura de forza das autoridades gubernativas ten un maior significado e resulta máis aclaratoria. O lugar da celebración, Iruña - Pamplona, en español, tiña todo o sentido práctico da vontade dos patriotas vascos de conseguir a integración de Nafarroa en Euskadi, obxectivo fundamental de calquera nacionalista. Só Herri Batasuna, representación, até hoxe electoral, do patriotismo popular, decidiu facer unha convocatoria así, o que amosa perfectamente quen está disposto a traballar na realidade pola integridade do país. Entramtras, o PNV esvaía a data nun sinnúmero de festas locais, Euskádiko Eskerra escolliu Donosti para unha celebración en nome dunha suposta esquerda, o PCE rechiuse en Sestao nun mitin de ar pasoteril, e o PSOE bruaba contra do nacionalismo con declaracións de españolidade e defensa da Constitución. Todas estas manifestacións si estaban coidadosamente autorizadas.*

### SEPARAR NAVARRA

*A prohibición do Goberno español asentou na fonda convicción e interés de impedir calquera acto que considera Nafarroa Euskadi, na conciencia clarificada de que o nacionalismo está representado ali, de maneira bexemónica, non polo PNV senón por unha alternativa de soberanía nacional como a que defende Herri Batasuna, no contubérnio do sucursalismo de esquerdas, abertamente belixerante contra o nacionalismo popular, e na complicidade a distancia do pseudonacionalismo. En definitiva, asentou en todo o entramado da alternativa autonómica que amosa o seu carácter fraudulento e a súa explícita función de combater o perigo real dos movementos nacionalistas e confundir a opinión pública das nacións asoballadas do Estado español. Do que se trata é de impedir, por todos os medios, o avance do movemento social clarificado que loita pola soberanía nacional, ou o que é o mesmo, nas sempre precisas e axeitadas palabras de Telesforo Monzón, impedir unha solución que pase pola capacidade de Euskadi de dialogar de nación a nación con España.*

### A SOBERANÍA NACIONAL E NECESARIA

*Soberanía nacional da que hoxe carece, por exemplo, o noso país e que o Estado español malgasta con total desprécio polos nosos intereses máis urxentes e inmediatos até as lindes do intolerábel. Unha vez máis, Galicia vese convertida nunha esterqueira na que veñen pousar os seus verquidos barcos que empezan segund dados oficiais tendo problemas a 300 millas e, curiosamente, se funden na Ría de Ares. Non se pode escoller mellor lugar que as nosas costas para vieran "solucionar accidentes" dos que non se percuran responsabilidades nen se sabe ben a quen serven. De tales sucesos os últimos en enterarse son as autoridades da Iruña española que, ao que parece, son as encargadas da vixilancia das nosas costas. O cargamento, unha vez máis, é gravemente perxudicial para a fauna marina, xa castigada na mesma Ría de Ares (lémbrese o caso Erkowit). O misterio arrodea todo o sucedido inda que algúns sinais non agachen que se trata de súxos negocios das navieiras de pabellón imperial. Namentras, o mutismo oficial é a resposta. Nefuto, sen conseguir a soberanía nacional para defender acadamente os nosos intereses, teremos de apandar sucesivamente con atentados irreparábeis ás nosas riquezas básicas en troques de absolutamente nada....*

VIAXE CON...



A LONDRES

Do 5 ao 12 Xulio  
vó Charter.  
Con visitas a Museos,  
Galerías, monumentos,  
salas de exposicións  
(VOO ESPECIAL  
PARA ARTISTAS)  
Hotel 1ª clase; vóos,  
autocares, desayuno; visitas  
28.000 ptas./persona.  
Saída autocar Ferrol  
avión desde Santiago.  
Información e Reservas:  
**VIAXES NORDES:**  
Gral. Mola, 16  
Teléfonos: 357448 - 357449  
**O FERROL**



## FERROL O 15, folga xeral

Representantes dos partidos e coalicións PSOE, PCG, POG, PSG e BN-PG anunciaban, no transcurso dunha roda de prensa celebrada a semana pasada, a súa intención de convocar unha folga xeral de 24 horas de duración que afectaría á comarca ferrolá o vindeiro 15 de Abril. O obxectivo desta convocatoria conxunta é o de presionar ao Goberno español, esixíndolle solucións á crise na que se atopa sumida a comarca ferrolá.

A convocatoria dos partidos políticos resposta ao chamamento efectuado polas Asambleas de traballadores de Astano e Bazán as forzas progresistas, instándoo a artellar unha resposta masiva ao progresivo deterioro das condicións económicas e laborais da comarca, concretizadas na perda de numerosos postos de traballo e no descenso do poder adquisitivo dos salários.

Llano Cotrofe, representante do PSOE, explicaba os motivos da convocatoria resaltando a necesidade de presionar ao Goberno para que asumise as súas responsabilidades, xa que deica agora se limitará a crear unha serie de medidas que non tiveron efecto

vidade algunha. Xa que logo, cumpria presionar ao Goberno dun xeito firme e contundente para que este tomase en serio o grave problema da comarca ferrolá.

Carlos Neira (POG) despois de analizar as causas da crise da nosa comarca, enmarcou toda a posibilidade de solución á mesma nun plan económico racional para a economía galega.

Pola súa banda o representante do BN-PG, Daniel Romero, salientou o papel que as céntras sindicais tiñan que xogar en todo este proceso, convertíndose nas correas encargadas de levar o problema ás fábricas e ao conxunto dos traballadores da comarca. Matizando a continuación que a convocatoria da folga xeral era unha convocatoria eminentemente política pois o problema do Ferrol e comarca era un problema que requería solucións políticas que escaparan do ámbito meramente local ou comarcal. Xa que logo, a folga xeral era a primeira medida de presión para facerlle frente ás innumerables agresións do Goberno, que levan á nosa comarca a converterse nun cementerio industrial.

David García (PSG) insistí-

ria na necesidade de vencellar na loita a todos os sectores sociais, porque o problema era de todos e ningún debía ser excluído. Neste senso, manifestou a intención das forzas convocantes de porse en contacto coa Cámara de Comercio, Unión de detallistas, pequenos comerciantes e empresarios... de cara a que todos eles participasen na folga xeral.

O representante do PCG, Fernando Miramontes, sería o encargado de expor o papel que as corporacións locais tiñan que xogar en todo este proceso, asumindo a súa función política fronte aos intentos daqueles que pretenden converter aos axuntamentos en meros organismos administrativos.

Unha vez explicado o carácter da convocatoria os representantes dos partidos sometéronse ás preguntas dos informadores, precisando que amais da paralización total das actividades, o día 15 tería lugar unha macromanifestación que partiría ás 6 do cantón de Molíns, rematando no Campo de Fútbol onde representantes dos partidos convocantes dirixirían a palabra aos asistentes.

Co obxecto de vencellar a todos os sectores, as Corporacións Locais celebrarán durante

estes días plenos extraordinarios de cara a solicitar o apoio da poboación a folga xeral, espallándose bandos e comunicados de solidariedade coa folga do día 15.

Ante a pregunta dun dos informadores, Fernando Miramontes (PCG) explicaba a ausencia da UCD nos seguintes termos: *"Alguns partidos que xa estamos implicados coa UCD en buscar unha saída a esta situación, vemos como isto non se levou a cabo. Creemos que temos que facer nos unha autocrítica porque en política equivocámonos moitas veces, e que tampouco é cousa de rasgarse as vestiduras e dicir que fracasamos unha vez e deixar as cousas como están. Polo contrario vemos que os partidos cos que pensabamos que íamos solucionar os problemas non o fixeron así, e hoxe estamos nunha alianza de esquerdas a ver se somos capaces de darlle solución. Atención, non decimos en ningún momento que vaíamos a darlle solución, senon que ímos a intentalo, e que como decía o compañeiro isto non pode quedar nunha manifestación, porque non podemos facer o mesmo de antes: facer unha gran manifestación e despois darlle poderes ao partido do goberno, porque a realidade é que non fixeron nada"*.

## LUGO

### A Diputación con Fenosa pola Nuclear

O día 27 celebrouse unha sesión informativa na Diputación Provincial de Lugo sobre da Central Nuclear a construír en Regodela, no concello de Xove. Dela podemos sobrancear tres cousas: A ausencia de boa parte dos deputados, a nula intervención de case todos os asistentes, e o comportamento do Presidente Sr. Cordeiro, que non lle permitiu a entrada ao corresponsal de A NOSA TERRA en Lugo.

Recollendo o ambiente de oposición popular ao proxecto da Central, manifestado varias veces en forma de mobilización, o BN-PG presentou no seu día unha moción na Corporación Provincial pedindo que esta se pronunciase contra esta obra. Por todo isto foi polo que o Sr. Cordeiro acordou convidar a representantes da FENOSA para espoñeren diante da corporación provincial e dos medios informativos todo o referente a esta instalación.

Esta sesión informativa tivo lugar o día vinte e sete, facendo a presentación o Sr. Quinteiro, Director Xeral de Regodela, que pasou o tempo a falar ben das centrais nucleares, chegando a afirmar que o perigo non é máis ca psicolóxico. Tamén, e diante das preguntas do Diputado Manuel Castiñeiras, o único que abriu a boca, sostivo que "actualmente Galicia xa é deficitaria en enerxía", anque decindo noutro momento... "bueno, outra cousa é Iberduero". Noutra contestación as preguntas do Diputado do BN-PG, díxose que "...a verdade é que non comprendo como a un país como España vamos a compartimentala enerxeticamente". Se alí o único que tiña que dicir era Castiñeiras, moitos deputados nin fixeron acto de presenza. Secadra o tema parecían de pouca transcendencia. Entre as ausencias, a do Partido Socialista Obrero Español.

#### A DEMOCRACIA DO SR. CORDEIRO

Outra das incidencias que non temos máis aquela que reseñar é o comportamento do Sr. Cordeiro. O Presidente da Diputación impediulle a entrada ao noso corresponsal en Lugo a unha sesión informativa, á que, pola outra banda, asistiron sen trabas todos os medios de comunicación. A súa explicación foi que: "Ya se está perfectamente acordado, definido". Ao preguntarlle polos motivos, respostou moi "claramente", "Ah!... imáxíneseos...!"

Hai que dicir tamén que ningún medio informativo se fixo eco desta negativa, nen tampouco protestou ningún dos informadores alí presentes. Outras veces por menos motivos teñen dado plaquetes... Polo que se ve, é máis dun o interesado en que a Central vala adiante.

## carta entreaberta

### A voltas coa cocina

Querida Directora:

Se estroutro día cando te vin pasar por Lugo non tiveras tanta prisa e pararas un pouco, habíache espoñer a miña teoría sóbor da cocina galega, á que hai tempo lla veño dando voltas. As conclusións que tirei destas alimenticias meditacións non as teño aínda moi claras, e se as discutíramos un pouco, o millor privábase de dicir algunha barbaridade, mais xa que non foi así, haberá que discutilas por carta.

Segundo fun observando, moita xente cre que non existe apenas unha cocina galega, ou que se existe é probe. Se me quitas a xente do consabido lacón con grelos, da empanada de xoubas e do polbo ou pulpo, pra que non me malentendan os da miña tribu con cachelos, ben pouco máis se identifica. E francamente, se non houbera máis cocina galega ca esta -por ilustres que señan estas garoladas-, teríamos que recoñecer que non existía cocina galega.

Pero como ti sabes que tamén che gusta a realidade é moito máis esplendorosa. O polbo non se come só o estilo da feira, senon que se prepara polo menos de dez maneiras máis. As empanadas son cousa de non acabar. E despois temos os chourizos, as longainzas, o botelo e outros cantos embutidos con moitas aplicacións. A troita non se come só frita, tamén o forno ou en escabeche teñen o seu aquí. E xa non falemos das varias maneiras de asazoar a lamprea, as castañas con leite, as trinta ou corenta maneiras de facer o caldo, os ilustres usos do xamón e toda a ricaz variedade



ou coa italiana ou coa mexicana. E aínda a pouco máis, algunhas nacións farían figurar representada no seu escudo, e a moitas sirvelles de arma diplomática. Entón, se en Galicia hai a infraestrutura, por que non existe a superestrutura, como din os sabios?

Háeme perdoar o meu atrevemento, mais quero aventurar unha teoría: ser non será moi boa, pero non me negarás que tén o seu aquel lollo ós gramáticos, parece que dixen algo e non dixen nada).

Galicia non tén unha burguesía nacional, a diferenza de Cataluña por exemplo. Eu entendo que a cocina creouna todo o pobo no que se refire ó seu aspecto material, as galdrumadas concretas como son o caldo ou os cachelos con chourizos. Mais a creación do corpo case místico da cocina, con todo o seu cerimonial, veu sendo na historia tarefa das burguesías, coido que polo século pasado ou así. Eles ó fin e ó remate podían viaxar de vagar e como comer gustáballe, deullés necesariamente por alí.

Peró se eles non o fixeron, haberá que facer. Por eso sería bon que aquel colaborador do noso periódico que facía "o recuncho do lambón" faría ben en deixarse ver de novo por estas páxinas coa frecuencia axeitada. Eu non o coñezo por meu mal, mais ben se ve que escribía con coñecemento de causa. Un pouco de sistematización non nos virá mal en cousa tan agradable. E despois de todo, a arte de comer é parte non pequena da cultura popular.

DARIO XOHAN CABANA

**X**  
*Keito*  
PONTEVEDRA  
SOPORTAIS DA FERRERIA, 4

**LIBRERIA**  
**XA**  
Vila de Negreira, 3  
Tlf: 261975  
A CORUÑA

**o Ensino**  
Revista Galega de Socio-pedagogía  
e socio-lingüística

Editada por "PROMOCIONS CULTURAIS GALEGAS S.A." sob o patrocinio da "ASOCIACION SOCIO-PEDAGOGICA GALEGA"

**SUBSCREBASE DESDE XA!**  
Ingrese o importe da suscripción anual de 1.200 pesetas na conta 01-500.000-5 do Banco de Vizcaya, Sucursal da Avenida de Buenos Aires en Ourense, por xiro postal, transferencia bancaria, ou talón, indicando seu nome, apelido e domicilio.



*"Cando din de un que está buscando a cuadratura od círculo, é decir que está tolo, e a cousa non é exactamente así, nen tampouco era iso o que eu andaba buscando..."* dinos Rafael Dieste, científico, matemático, escritor, mariñeiro na añoranza e vello galeguista.  
*Exilado moitos anos "a xente da AGUEA, (Agrupación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas), de Buenos Aires non tiñamos unha conciencia clara de como estaba Galicia, e desde alí, por máis que o intentamos foimos imposible conectar coa realidade..."*  
*Proibido no Estado Español durante anos, estánse editando as súas obras. Rafael Dieste outra vez en Galicia...*

## RAFAEL DIESTE

### galeguismo universalista

**¿Como xurdiu a súa vocación de escritor?**

A vocación non é unha cousa que ven así de golpe, sen máis nen menos. A min xa desde rapaz se me deu polas artes. Na casa había un piano e tan pronto como os dedos lle chegaron xa empecei a tocarlo. Viñan tamén científicos de Santiago e por iso me empecei a interesarme polas ciencias. Como o meu irmán escribía, eu tamén empecei a escribir. Logo funme definindo pouco a pouco pola literatura, porque pensaba, como case todos de rapaces, que tiña moito que decir, que tiña que cumprir unha función esencial no mundo. Tamén porque tiña que expresar as miñas ideas, sentimentos e o vehículo érame válido.

**O Rafael Dieste coñecido é o escritor en español. ¿Fizo a súa obra neste idioma por forza ou por un interese especial?**

Son un escritor eminentemente galego, tanto así que cando tentaba facer algunha cousa, por exemplo dramas, casteláns, todos me dicían: estes non son casteláns, son galegos.

Se escribín en castelán foi porque daquela o galego aínda non estaba, podemos dicir, feito non estaba normativizado; a prosa galega aínda non estaba formada anque o pobo seguía falando e expresándose moi ben nela. Pero aínda non estaba adoptada polos escritores. Agora ben, eu escribín en galego e fixeno en castelán, no xornal "El Pueblo Gallego" escribía dous artigos diários, un facíao en galego e outro en castelán. Pero non todos temos por que escribir en galego, Camoes escribiu en portugués pero tamén o fixo en castelán, o mesmo Valle Inclán tivo que facer en castelán, e outros. Non todos os escritores galegos escribiron en galego, e non é tampouco que o escritor galego se enorgulleza de escribir en castelán, senón que como ese idioma está entre nós podemos adoptalo como vehículo de comunicación máis amplo. O escribir en galego ou en castelán non corresponde a unha elección voluntaria.

**En galego escribiu literatura, por exemplo "Fiesta Valdeira" ou "Dos Arquivos do Trasnó" e en español, o que adoitan chamar as obras "serias": tratados matemáticos, científicos e filosóficos. Non pode significar isto que na práctica lles está dando razón...**

Non, non é iso. Non lles dou a razón. Por unha banda algunhas destas obras que tu chamas serias, e que eu penso que o son, anque a literatura tamén sea seria de tipo filosófico, ou no campo da matemática, son obras polémicas e ao escribilas en castelán abren o campo do polémica posible. Ao mellor hai xente dabondo en Galicia a que lle interesan estes temas, pero van mellor en castelán para que así poidan intervir o resto dos españoles e especialmente os europeos a quen lles será máis fácil de ler ou de traducir. Tamén hai que facer constar que gran parte deste vocabulario científico non está aínda feito. Se empregamos as palabras técnicas chegará un momento en que xa non parecerá que estamos escribindo en galego, senón que daría o mesmo como se o fixeramos en francés ou en portugués. Logo, inflúe tamén a formación personal que foi feita a través de libros casteláns de Ortega, Unamuno, etc. e de traducións millores ou piores pero neste idioma. Non é que me opoña ao galego para expresar temas científicos, ou que diga que non sea válido. Dificultades non hai.

**Unha das súas facetas literarias foi a de versificar obras contra do franquismo. ¿Qué papel pensa que xogaron estas obras e como ve a literatura eminentemente política?**

Tu antes fixeche unha distinción entre ética e política. Radica alí o principal, o facer as cousas da política con ética. Reunidos os intelectuais decidimos facer romances contra do rexime franquista, algúns dos que andiveron por aí, claro, eran meus... Pero a cuestión está que anque sea a literatura política hai que facela conforme a unha realidade, hai que coñecer primeiro esa realidade. Se se coñece pódese escribir sobre ela. Foi o que fixemos e vai ser algo parecido agora "Realidade Galega".

**Deixemos logo a literatura e atriñecemos na realidade. Galicia sufriu desde que vostede marchou para o estranxeiro uns cambios considerábeis. ¿Ao volver síntese enraizado nesta realidade actual?**

Cando se fala de realidade pódese falar de moitas cousas... astra da realidade da UCD. Pero si, o panorama galego cambiou moito, a motorización do mar foi grande, no campo notei menos contrastes, só esas vacas pintas que non me gustaban nada e que ago-



Foto XESUS CAMPOS

ra xa vou quirendo ao ver o empenho que poñen en ser galegas. Todo este é un aspecto da realidade de Galicia, como o é o maneira de vestir as mozas ou de divertirse.

Pero Galicia segue sendo a mesma dantes de cando eu paseaba polo malecón ou andaba saltando de barco en barco.

**E os cambios imperados no plano político...**

Isto da galeguización para vos os novos vexo que é unha sorpresa. Notades o contraste entre unha Galicia apagada, murmurando nos currunchos e a que agora se espalla e se expresa con franqueza. Pero eu non son deste tempo. Nos anos de clandestinidade e de resignación calada estiven fora,

Ser universalista non é dicir: fora o arte galego, fora o arte etrusco, fora a lingua tosca... A universalidade non é contraria a diferéncia, é o recoñecemento de algo que nos une a todos, as formigas aos homes, as estrelas, aos galegos, aos cataláns.

O dereito dos pobos a gobernarse por si mesmos non se pode contradecir desde a óptica universalista nen desde ningunha outra óptica, xa que é un dereito de senso común. Astra os primeiros colonizadores non estarelaban a identidade dos pobos conquistados, pero os neocolonialistas xa non fan iso. Iso é un gran erro, ningún pode resolver os problemas mellor que quen os coñece a fondo.

**Falemos logo da mestura a que chaman "Realidade"...**

Nacín para estudar os problemas de Galicia e tratar de encontrar lles as solucións axeitadas. Detrás non está a UCD. Calquera partido que non sea unha coxa de caciques disfrazados ten que contar con ela.

Se cada un de nós se pronunciasse como membro dun partido, non valería para nada, eses xa existen, xa están aí os partidos. Agora ¿qué é o que lle falta? Aínda non sei quen foi o que redatou o manifesto, pero ao facelo intentou evitar discórdias e limar as aristas, quedando así unha cousa que se fai sospeitosa por ser demasiado neutral.

**No seu amplo campo de amizades un dos máis achegados foi Manoel Antonio. ¿Como era o nacionalismo deste mariñeiro-poeta?**

Tanto Manoel como eu chegamos ao nacionalismo de rapaces, cando fomos a un mitin a Santiago donde participaron os vellos nacionalistas, Castelao, Cuxillas, Otero... Pero o que máis nos impresionou foi Risco. "Nos temos que facer a nosa impronta no Atlántico", esta frase callou en nós e tanto el como eu lanzamos esta tarefa.

Manoel primeiro foi anarquista, logo foi derivando e chegou a ser arredista. Un arredista ao que lle daban arroutas, pero certamente nen era un terrorista. Era incapaz de pegarlle un tiro a ningún, agora iso si, de darlle unhas trompadas a un cacique.

ALFONSO EYRE



O MORRAZO UN ANO DESPOIS (I)

*Hai agora un ano estabase na procura dun cambio, dunha millora para todos ou caseque todos os concellos espaxados pola administración española dentro da nosa nación. Era un intento de trocar o paso, de botar fora aos caciques e votar nas urnas aos máis presumiblemente bonrados.*

*Para disgracia nosa, o aparello caciquil, funcionando a tope, freou en moitos sitios este adianto e esta esperanza. Aínda así, os nacionalistas fixéronse presentes. Aínda, as comparsas dos de sempre íanse atopar con cada pleno turrando das carautas. A xente, desafeita xa de coñecer por dentro aos que mandaban, asiste en moitas sesións*

*e vaíse decatando de quen e cadaquén sen gran traballo.*

*Aínda e cedo para facer xuízos sobor dos feitos. Compre ter acougo. Un ano despois das eleccións, semella que en moitos sitios de Galicia un aire anovado e fresco está pulando por burrer de vez os vellos trucos do pasado.*

*En tres semanas imos ter nas nosas páxinas a opinión, o traballo feito e a promesa por facer na voz de tres alcaldes do Morrazo: Bueu, Cangas e Moaña, pasarán por A NOSA TERRA coa testemuña e a conversa de dous alcaldes nacionalistas e un da esquerda española. Fíes, millor ca nós, saberán decir como vai a procesión, alá por dentro.*

XOSE NOVAS alcalde de Bueu

*Se tiverades que facer boxeada un balance, ¿ulo o positivo e ulo o negativo da nosa xestión?*

Positivo, a grande participación popular desde o primeiro intre, progresivo desgaste das estruturas caciquis da localidade é o máis importante, que o estudo polo miúdo da situación, permitindo ter hoxe unha idea dabondo completa das solucións que debemos darlle aos principais problemas.

No negativo, o noso descoñecemento do aparello administrativo legal coas súas múltiples complicacións. Mentras o presuposto anterior presentaba un teórico superávit, o noso axuntamento tiña sen arrecadar 10 millóns de pesetas, sobre a terceira parte do presuposto, provocando problemas de tesouraría importantes. Tamén estamos recibindo enormes sorpresas no tocante a facturas da anterior corporación, que van aparecendo agora e non estaban previstas. Esta carencia de recursos ten provocado ás veces unha sensación de impotencia diante das necesidades.

*¿Quen pon os atrancos, as dúbidas, o desinterés...?*

No intento do Bloque de levar adiante unha xestión galega e popular, que encare os problemas de raíz e ao tempo clarifique entre os que estamos pola defensa dos intereses das clases populares galegas e quen están comprometidos cos intereses do imperialismo, ten saltado ao primeiro plano a contradición nacionalismo-españolismo. Se ben a UCD defende arreo e descarada os intereses caciquis, amparándose na Constitución tenta boicotear de continuo a nosa xestión, tamén é certo que as outras forzas (PSOE e UG) cando de galeguizar realmente se trata ou de discutir propostas dun contido antimperial-

ista tamen botan man do texto constitucional, da soberanía do Parlamento español, etc., etc para impedir unha toma de postura consecuente do lado do noso pobo.

*¿Qué axudas recibides da Administración para tentar que os problemas de Bueu fiquen resolto?*

Cefindonos ao caso de Bueu, namentras a Dirección General de Puertos concedía 200 millóns de pesetas para o porto de Portonovo (Sanxenxo), con alcalde de UCD, e 600 millóns para Marín, con alcalde do PSOE, a Bueu dáballe 10 millóns, despois de recaudar máis ao través dos impostos que cobra no noso porto, e sendo o noso un porto de condicións naturais privilexiados e carente das instalacións portuarias indispensables. O Ministerio preocupase, por outra banda, de regular ao Club de recreo Círculo Náutico unha parcela da millor praia que teñen os nosos mariñeiros para servizo dos seus narcos. Se falamos da Diputación a cousa é tamén significativa. A rua de Ramón Bares que teñen desde fai moitos anos sin asfaltar deixana agora morta de risa entre múltiples demoras, moi sabedores do dano que fai a xestión do Bloque en Bueu.

O uso da maquinaria dunha arbitrariedade descarada é que usa o deputado de UCD da zona de xeito totalmente caciquil, relegando as peticións do noso axuntamento longo tempo, namentras atende as demandas que lle fan os seus amigos a título particular. A utilización das brigadas de mantemento da mesma Diputación, facendo accesos particulares, traballos en vías que non son da Diputación, todo con fins electorais, mentras desatenden todas as nosas solicitudes de colaboracións. Poderíamos continuar co Delegado de Educación e Ciencia, polo

que tivín de agardar dous meses para que me concedese unha entrevista, que ten cantidade de rapaces de preescolar sen mestre e con graves problemas de instalacións nos grupos escolares.

*¿Qué participación teñen os veciños dentro do concello?*

A participación popular para nós é un punto básico nunha xestión democrática, e xa que logo, abrir canles para que o noso pobo teña parte na política municipal foi preocupación constante. Estas canles van desde as audiencias públicas, tanto de alcalde como de comisións informativas, deica os colóquios nos plenos, pasando polas asembleas informativas a todos os niveis. A asistencia dos veciños vén sendo moi numerosa, a miúdo con abarrotos nos plenos.

*¿Como se fai a elección dos alcaldes de barrios e cal é a súa importancia?*

Os alcaldes de barrio son elixidos democráticamente polos veciños do seu lugar ou barrio, na normativa electoral estableceuse tamén que a asemblea de barrio poderá en calquer intre destituílo e elixir un novo alcalde de barrio cando non aprobe a súa xestión. Doutra banda, son pezas importantes na medida en que pola súa representatividade saben transmitir a problemática do lugar.

*Na rede de servizos sociais, ¿cais son prioritarios en Bueu?*

Os servizos básicos como o abastecemento de auga, que non é dabondo, conta cunha rede de distribución xa moi vella e a súa depuración deixa moito que desexar. Estamos en condicións de resolver dun xeito definitivo este problema que presenta para nos unha preferencia total. A rede de



alcantarillado é practicamente inexistente, como na maioría dos axuntamentos. Vaíse elaborar un proxecto integral do municipio. A cifra que vai representar esta rede de alcantarillado é o principal problema que imos ter de cara á súa solución. Asímismo, o alumbrado público tamén é dabondo insuficiente. Por outra banda, o edificio que hoxe temos como praza de Abastos e Lonxa, resulta insuficiente, a xenialidade da corporación anterior estivo en telo feito (é novo) máis pequeno que o vello.

*O problema pesqueiro, ¿en que medida vos afecta e como tentades darlle saída?*

Bueu vive totalmente do mar e xa que logo a crise actual da pesca, tanto de altura como de baixura, deixase sentir gravemente na nosa poboación como están a sufrir todos os portos galegos. Por outra banda, o noso porto ven seguindo un proceso de decadencia, forzado por intereses capitalistas ben concretos que sacaron bon proveito coa operación. Parellito con isto estivo a potenciación dos portos de Marín e Portonovo, mentras o de Bueu mantiñase nun completo abandono e púñanse obstáculos para desplazar barcos e compradores para os outros portos. A solución do problema pesqueiro somentes ten cabida dentro dun Goberno galego soberano que pondo en marcha unha reforma pesqueira de paso a unha explotación axeitada do noso litoral. Polo que respecta ao noso porto estamos decididos a loitar por que sea dotado das instalacións necesarias para cumprir co papel que tivo sempre de gran porto da ría de Pontevedra.

*A sanidade dentro do concello...*

Respecto da asistencia médica vimos sufrindo un cambio conti-

no dos médicos destinados a Bueu, aparte de ser insuficientes con gran cantidade de cartillas cada un deles. Asímismo, segue sen ser atendida a nosa vella reivindicación dunha clínica de guardia para urxencias. A nivel comarcal, o Hospital para o Morrazo é unha necesidade apremiante, como o é, noutro nivel unha casa da cultura, unhas instalacións polideportivas, etc. etc.

*A Mancomunidade do Morrazo, ¿qué tedes feito vos para conseguir axiña os seus beneficios?*

Polo de agora, o BN-PG elaborou un proxecto de estatutos que se pasou nos plenos municipais de Bueu, Cangas e Moaña, merecendo a súa parobación. Neses plenos teñense nomeadas unhas comisións que van redactar unha proposta definitiva de estatutos. Porén, a oposición de UCD en Bueu e Cangas é un agoiró dos problemas que van xurdir para levar adiante este proxecto con tantas posibilidades, como é a Mancomunidade do Morrazo. Teñamos en conta que agora precísanse os 2/3 en cada axuntamento para constituir a Mancomunidade.

*Se as eleccións foran boxe, ¿cambearía o seu resultado do de hai un ano?*

A pesares de ser esta a pior etapa do noso mandato e na que menos podía lucir a nosa xestión, a situación ten variado claramente ao noso favor, a nosa introdución social ten dado un paso considerable. A evolución do nacionalismo popular no noso país, a coerencia e madurez acadadas coído que teñen dado resultados fronte ás enormes dificultades dun pobo colonizado, un pobo que precisa da súa liberación nacional e social.

PINTOR



FOTOS: XAN CARRALLA



## A LINGUISTICA APLICADA E O ENSINO DO GALEGO

Os termos de Linguística Aplicada, Linguística Aplicada, Angewandte Sprachwissenschaft, Toegepaste Taalkunde, etc., foron sobre o modelo inglés Applied Linguistics vanse espallando desde fai máis de dúas décadas no mundo científico para designar unha ciencia nova e autónoma. O seu contido semántico foise precisando pouco a pouco a medida que se ía fixando con máis precisión o obxecto do seu estudo. Nun comenzo designábase todo tipo de aplicación de ciencia lingüística a "algo": aprendizaxe da lingua materna ou dunha lingua estranxeira, ensino das linguas, certos fenómenos relacionados co bilingüismo, problemas relativos á patoloxía do linguaxe, certos tipos de lexicografía, crítica literaria, etc. Neste senso a linguística Aplicada, (L.A.), era unha filla da Linguística Xeral.

Máis axiña ía entrar en colisión con outras ciencias novas que ían aparecendo. Así no tocante á adquisición da lingua materna ou patoloxía do linguaxe, a L.A. entraba no eido da psicolinguística, nova ciencia tamén que estudou os fenómenos lingüísticos baixo a ollada da socioloxía. O mesmo lle pasaba con relación á pedagogía e á crítica literaria. Deste xeito foi comprendendo que tiña que restringir o obxecto do seu estudo para poder asquirit un estatuto científico.

Restringir o seu obxecto implica concentrarse en algo concreto, definido e directo, neste caso a aprendizaxe e o ensino dunha lingua, máis a restrición do obxecto non implica unha restrición dos coñecementos teóricos necesarios para o estudo dese obxecto: coñecementos lingüísticos das dúas linguas — a materna e a estranxeira —, coñecemento psicolinguístico do proceso da aprendizaxe, coñecementos sociolingüísticos das dúas linguas, coñecemento pedagóxico do ensino, etc. Deste xeito a L.A. convírtese nunha ciencia interdisciplinaria ao mesmo título que as súas irmáns, a psicolinguística e a sociolingüística.

Os seus progresos e contradicións tamén van parellos cos progresos e contradicións das outras ciencias aparentadas. Os movementos filosóficos como o empirismo e racionalismo tamén se reflexan na L.A. baixo a forma de **behaviourismo** e **cognitivismo** segundo se faga fincapé na **costume** ou na **creatividade** lingüística.

### PRORIDADE A LINGUA FALADA

En reacción contra os métodos tradicionais dirixidos cara o ensino da lingua escrita, cara fins do século dezanove aparecen novos métodos cuxo obxecto directo é a lingua falada e nos que a conversa en clase se remplace os exercicios da tradución e as regras gramaticais. Gouin en Francia e Berlitz en Alemaña foron os principais promotores destes métodos chamados **Directos**.

### PRORIDADE A REPETICION

Máis este movemento que tiña moito de **Natural** (influenciado psicolóxicamente polo **gestaltismo** e filosóficamente polo **romanticismo** alemán concedía moita importancia á espontaneidade creativa a través dunha repetición intensa), por influencia do behaviourismo (Skinner), axiña foi empuxado a extremos puramente mecánicos sen deixar lugar á **creatividade** lingüística. Eran os tempos do



CARBALLA

ensino programado dos métodos audio-visuais que consistían en **exercicios estruturais (pattern drills)**. Lançados polos mesmos estruturalistas americanos ou coa súa axuda e benedición, o alumno tiña que repetir estes exercicios, a menudo illados de contexto comunicativo, como un papagaio, astra afacerse á nova lingua.

O principio metodolóxico suxacente consistía na crencia segundo a cal a lingua non era máis que un conxunto de costumes e a súa aprendizaxe consistía na asimilación destas costumes.

Centos de métodos deste tipo invadiron o mercado e o mundo do ensino ranxe unha longa década, tempo dabondo para decatarse do seu influxo negativo pois lonxe de axudaren, estes métodos bloqueaban a capacidade de falar a nova lingua.

### PRIORIDADE A CREATIVIDADE

A reacción contra estes métodos chamados moitos anos **revolucionarios** non podía tardar e ía situarse no extremo oposto. Baixo a influencia da nova psicolinguística e de movemento xenerativista que se reclama en parte da filosofía racionalista, os novos métodos (**cognitivismo**) restablecen a **creatividade** ás expensas da **repetición**. Os seus comenzos datan dos tempos da famosa demolición da teoría de Skinn polo mesmo Chomski, o gran promotor da teoría xenerativa. Máis a crítica de Chomski, lonxe de construír unha demostración das súas hipóteses de **mecanismo innato de adquisición do linguaxe**, o que fai é amosar as limitacións da teoría de Skinner. Máis que unha alternati-

va entre dous principios opostos a como Bresson di, o ensino d'unha lingua amosa unha paradoxa que consiste en ensinar a **creatividade** por medio de métodos que se basan principalmente na **repetición**.

As tendencias máis recentes, inspiradas na psicoloxía e na metodoloxía pragmáticas por unha banda e na sociolingüística pola outra, dirixense cara métodos de ensino que combinen a **creatividade** e a **repetición** o que representaría unha solución á **paradoxa** formulada por Bresson. O principio metodolóxico suxacente consiste en ollar a ciencia como un **proceso** e non como un **sistema** e os seus resultados como **adquisición provisionais** e non definitiva. Máis concretamente introduce de novo a noción de **ciclo** o que na L.A. representa un retorno ao **Método Directo** (Gouin facía emprego sistemático do ciclo). A noción de ciclo é ambigua aquí entre unidades temáticas e estrutura gramatical e implica en ambos os casos de reiteración dun elemento en contextos diferentes.

Nestes métodos de ensino rehabilitáanse tamén folclóricos (contos, cantigas, ditos...) e literarios (certas pesas, fábulas, narracións curtas) que presentan unha estrutura cíclica e que a moda dos derradeiros anos condenan.

### TEORIA E PRAXE

P. Corder no manual **Introdución á linguística Aplicada** distingue dous niveis principais, o nivel da teoría pura e o nivel práctico. No nivel da teoría distingue a parte teórica ou implicacións das outras teorías como a lingüística, a psicolinguística e a sociolingüística e a parte teórica ou modelo abstracto que serve de guía á confección dos diferentes métodos e que consta da **selección** do contido e da **organización** do contido. A parte práctica ou **presentación** consta da tradución do modelo elaborado en material concreto e a presentación en clase dese material ao alumno.

### A L. A. E O ENSINO DO GALEGO

A importancia desta nova ciencia para Galicia neste intre en que nos compren métodos científicos para o ensino do galego a todos os niveis brinca aos ollos, máis os organismos de ensino estatais fican tamén aquí completamente arredados das necesidades do pobo galego. Unha ciencia que conta hoxe con Departamento e subdepartamento propios en caseque todas as universidades europeas tanto do este coma do oeste e cuxo fin é a formación pedagóxica dos futuros profesores de linguas e a confección de métodos coherentes de ensino dunha lingua dada; unha ciencia con centos de revistas espalladas en todo o mundo, con Congreso e Asociacións Internacionais (A.I.L.A.) e nacional; unha ciencia con organismos de ensino moi altos pola súa gran incidencia de cara a formación dos novos mestres e á eficacia dos métodos empregados; unha ciencia que tan perto está do pobo e con tantas implicacións positivas para os fillos do pobo brila tanto hoxe en día en Galicia — na Universidade autónoma de Barcelona introduciuse ao nivel do Departamento de Pedagogía — como o sol un día de boa pecha.

Domingo Prieto

don augusto

X AQUIN MARIN





# A "COSTA LUGUESA" VIA LIBRE A UNA I

*Nos primeiros anos da década dos 70, a costa luguesa ia ser o eixo dunha industrialización irracional que traeria consigo un cámbio en toda a súa estrutura. Ba implantación de Alumina-Aluminio escomenzouse a primeira fase dun proceso que ía ter a súa continuación coa futura central nuclear de Regodela que se tenta construír en contra da vontade popular. Así e todo, o ecosistema da costa veriase modificado sustancialmente. A vida de pobos e vilas tamén ía sufrir as secuelas desta industrialización. O progreso, diríamos nós falos progreso, do que tantos alardes se facían a través das institucións oficiais, respaldadas en moitas ocasións polos grupos políticos, maioritariamente os parlamentarios, que aínda que amosaban unha postura dabondo ambigua non por iso a deixarian de rexeitar, a excepción BN-PG e poucos mais, e co consentimento previo do goberno español non sería tal, pero si ía supor a desfeita da costa lucense.*



Marcha sobre Lugo convocada por CC.OO. motivada polo convenio de Alumina no 78.

## ALUMINA: INDUSTRIA DE ENCLAVE

A historia de Alumina-Aluminio data de principios dos anos 70. Por aquel entón, en Vilagarcía de Arousa rexeitábase a súa implantación. Nembargantes, os monopolios ían topar axiña outro punto de enclave: Viveiro, ao norte de Lugo. E así, a primeira noticia da construción da empresa apareceu no xornal "El Progreso" de Lugo. Alumina-Aluminio empeza a expropiar os terreos a través dunha rede caciquil que imperaba na zona. Namentras que Fenosa utilizara para os seus fins a policía, lembrémonos das Encrobas, a Alumina ía facer uso doutros xeitos, en certa maneira máis sutís, de convencemento: promesas de postos de traballo, melloras estruturais, progreso e máis progreso...

Diante desta situación, a Agrupación Cultural "Sementeira" comenza unha extensa labora de información. Pola súa banda, a empresa adicábase a espallar a falacia de que "Alumina-aluminio contamina menos que un corral de vacas".....

As diversas fases da construción da Alumina ían acoller un volumen de traballadores que se cifraba entre os 1.600 e os 1.800.

Nas primeiras solicitudes de postos de traballo esixíase como dado fundamental a constatación dunha persoa a que a empresa se poidera dirixir para recabar información. Un sistema de emprego cuxas características son comúns a todas as de ámbito estatal.

Mesmo a empresa salientaba que un 80 por cento da man de obra que se ía empregar sería galega e que dese 80 por cento ou 75 por cento traballadores da zona de Viveiro. A realidade foi outra. Se ben na primeira fase, a fase de construción, a man de obra que se empregou foi fundamentalmente galega non acontecería

o mesmo no montaxe. Traballadores doutras zonas e sobre todo de fora da nación íanse facer cos postos de traballo, fundamentalmente os traballos máis cualificados. Deste xeito, en Viveiro a torre dun edificio acondicionouse para traballadores de Alumina con postos cualificados.

Doutra banda, o desfase viría dado polo volumen de traballadores e a inversión prevista para a construción e posta en marcha da empresa. 76.000 millóns de pesetas....

## AS PRIMEIRAS CONSECUCIAS

E non pasaria moito tempo astra que as primeiras consecuencias da Alumina se empezaran a notar. Así, a fins do ano 79 un escape de fluor pon en entredito a fiabilidade das instalacións. Morren animais e mesmo algunhas persoas vense seriamente afectadas polo escape de fluor. A contaminación era dabondo grave se temos en conta que sómentes está a funcionar o 25 por cento do total da planta.

Nembargantes, nas previsións da empresa non se tiñan en conta ningún tipo de medidas anti-contaminantes.

A actitude que amosaron tanto o goberno español como o Gobernador Civil deixaban entrever as claras unha certa permisividade. O Gobernador Civil erixíuse nun dos máximos defensores de Alumina ao tempo que tentaba de restarlle importancia por todos os medios ao feito e as consecuencias da contaminación. Deste xeito, a Alumina utilizou en repetidas ocasións o despacho do Gobernador Civil para celebrar as súas rodas de prensa para tratar o tema. E mesmo o alcalde de Xove optaba pola vía de achegamento a empresa tentando de solventar a grave situación. Namentras, a Delegación de Agricultura envía un informe sobre o alto

índice de contaminación existente na zona e a súa peligrosidade.

E de salientar que por aquel entón, e a pesares de que xa había un erro de motores, tiñase que rematar un pedido xaponés que estaba solicitado anteriormente.

Malia todo isto, os veciños empézanse a mobilizar de cara ao artellamento dunha solución. Nun principio, a AN-PG levaría adiante a mobilización e a loita en contra dos presupostos parangonados por Alumina-Aluminio. As reivindicacións dos veciños íanse canalizar a través da Comisión Mixta que se formou, na que se integraron amais da maioría das Asociacións de Veciños da zona, a maioría tamén dos grupos políticos. Aos poucos días lévase a cabo unha manifestación. A esixencia era unha: parar a produción. Claro está, a empresa endeixábase en conta dita reivindicación. E o alcalde de Xove negocia coa empresa a espaldas do pobo e serve como peón do goberno civil para non enfrentarse directamente coa Comisión Mixta.

De certo, as consecuencias da contaminación non se poden chegar nen xiquera a albiscar na súa totalidade. Asimesmo, a existencia de lodos roxos traí consigo graves repercusións no que ao chan e sobre todo ao mar respecta. Deste xeito, o sector pesqueiro fica completamente desmantelado.

Pola contra, a empresa segue

a voltas con novas promesas. Neste caso, a construción dun tren de laminado que polo de agora non é máis que precisamente iso: unha promesa.

## O PARO, NOVOS XEITOS DE VIDA...

Namentras, o paro segue a medrar na zona e o descontento vaise xeneralizando. Os pobos da zona decantáronse de como os seus xeitos de vida, as súas costumbres íanse modificando ao través do tempo, mentras que a infraestrutura da zona non se alteraba e nen moito menos melloraba nos seus aspectos básicos. Alumina-Aluminio non se preocupou de axear a infraestrutura. O ferrocarril, o F.A.V.E., segue a ser o mesmo que se tendera nos anos 20. Outros servizos tan urxentes como a construción dun Hospital segue a ser sómentes unha necesidade. Estase a falar de que a UCD está agora dabondo interesada en facelo por medio da Mancomunidade de Municipios. Nembargantes, o volumen de cotizacións a Seguridade Social é moi elevado....

O goberno, as institucións e mesmo a prensa oficial non valoraba o alcance das consecuencias. Quizais porque segundo dixon un corresponsal "meternos coa Alumina sería meternos en camisa de once varas".....

## TENTAN DE POÑER A NUCLEAR

Tamén e polos mesmos anos anúnciase a construción dunha central nuclear en Regodela. Decíase que era unha gran fábrica para producir enerxía. Chegados ao ano 73, outra Agrupación Cultural, neste caso "Valle Inclán" de Lugo, levou a cabo a primeira taboa redonda sobre o tema, anque participaron Beiras, o actual alcalde de Xove e o inxeniero xefe da central de Azorita. Curiosamente o hoxe alcalde de Xove amosaba unha postura de rexeitamento. Da súa banda, Fenosa ía utilizar ao

mesmos métodos dos que anteriormente a Alumina se valera: postos de traballo e promesa dunha infraestrutura. Poreén, o pobo manifestábase en contra da nuclear. A consecuencia, multas por valor de 200.000 pesetas. Namentras, "Sementeira" segue artellando taboas redondas nas que participan economistas, ecologistas....

E así aconteceu as primeiras mobilizacións e manifestación en contra da ubicación da nuclear, levadas adiante pola AN-PG.

Nembargantes, o deputado Díaz Fuentes asegura que "no plan enerxético do goberno non aparece nada da construción dunha central nuclear".

Pola contra, a Dirección Xeral de Obras Hidráulicas concede a Asociación Central Nuclear de Regodela o aproveitamento dun caudal de 100 litros por segundo no río Guillán e do río A Rigueira.

A teima continuaba. Segundo un estudo da Consellería de Ordenación do Territorio, a pesares do deterioro e da destrución da economía tradicional que tanto a nuclear como Alumina-Aluminio van provocar, "é perciso que este desenrolo se integre no sistema económico que se vai crear". Ao tempo que "a especial problemática da zona norte de Lugo e a súa incorporación ao sistema industrial terciario fai necesaria a elaboración dun programa territorial integral que evite a aparición de realizacións anárquicas que conduzcan a situacións cuxa recuperación signifiquen un elevado coste social".

Deste xeito, "determinadas industrias, polo funcionamento integrándose perfectamente na lóxica dos sistemas". E así, tamén segundo este estudo, é preciso e necesario que a industrialización non este en conflito co ecosistema das rías.

## GALICIA, RESERVA DOS MONOPOLIOS

A ineficacia dunha central nuclear en Galicia radica no fei-



## NOTA ACLARATORIA

No Especial núm. 100 e no reportaxe titulado REPRESION NOS PRIMEIROS MESES DO LEVANTAMENTO,

cometiamos un erro de transcripción ao incluír a Martínez Garrido entre os responsábeis dos asasinatos. Martínez Garrido foi Alcalde de Vigo e morreu asinado logo polos fascistas.

Pedimoslle perdón a todas as persoas que puideron resultar ofendidas por esta errata, allea á nosa vontade.



UNA DESFEITA O enclave dos monopolios

que ante se valera a promesa Poreén. o contra da ia, multas O pesetas ira" segue ondas nas istas, eco- i primeiras estación en ta nuclear N-PG. diputado a que "no berno non onstrución "..... rección Ge ulicas con Central o aprovei de 100 tr o Guillan e a. Segundo eria de Or a, a pesares trucción da que tanto a na -Alumi merciso que gre no sis ue se va ue "a espe zona nord oración ad erciário fa n dun pro ral que evi izacións a zcan a si ración sig ste social inadas in onamento mente na E así, ta do, e pre ndustriali onflito co

A DOS S

a central ca no fei-

des as r ofen sa von.

que exportamos un 70 por de enerxia e que nesta medi- nosa terra estase a converter reserva dos monopolios esta-


No mesmo senso, un espe- sta inglés afirmaba que unha dun 10 por cen. de produ- radiactivos gaseosos provo- ca, nun radio de 30 ou 40 ki- metros, poboados por 1 millón persoas e en 20 anos, mil eros de tiroides, cincuenta de móm e cincocentos de leucé- es. Situación que se agrava se nos en conta que no plazo de anos vaise desmantelar a cen- nuclear...

Doutra banda, a contamina- térmica provocada pola ntral nuclear, ao verter ao m glio ambiente máis de 65 por do calor que produce trai e mariscos, e outros dese- fibrios na zona como conse- encia da elevación de 15 gra- na temperatura da agua do litoral nunha ampla área. u efecto tóxico agudízase as substancias que arastra es- agua como son os antioxid- tes, o cloro, amais doutros odutos tóxicos para a vida do


A pesares das previsións de eación de novos postos de aballo na zona, as necesidades on que dan cubertas con 150 osvos que podería haber en Xo- Así, falar de novos postos de aballo non deixa de ser outro ento de confusionismo. Dou- a banda, os recursos fincinei- os a empregar, cen mil millóns pesetas, non se van utilizar ara este uso, daí que o feito de er utilizados nesta central nu- ear é dobremente grave xa que en crean postos de traballo en undancia nen provocan unha ndustria derivada. Asemesmo, o to de crear unha central nu- ear para produción de enerxia ectrica nun lugar como Xove, an alonxado dos centros consu- idores de enerxia eléctrica, non teixa de ser outra falácia. Qui- as o fundamental radique en ue o emplazamento da nuclear on responde, xa logo, a razóns económicas, senón a conveniën- da empresa.

Outro aspecto a salientar é ue, tomando como punto de partida o accidente nuclear de Harrisburg, o pobo galego vese nun continuo perigo, perigo que amais non estaría localizado so- mentes na área xeográfica inme- diata, senón que abrangueria a toda Galicia provocando a des- ta do medio ambiente terres- tre e marítimo, cáncros, malfor- macións xenéticas hereditarias e astra a mesma morte das persoas.

A Alumina segue a funcionar. O perigo da central nuclear sé- vese a manter e namentras o pobo da costa luguesa segue a olar como as suas carreteiras se desfán cada día máis, como o seu habitat social se modifica sustancialmente pola imposición uns momopólios, salvargarda unha industrialización irracio- nel, que van contra dos seus in- tereses e mesrmo das suas necesi- dades.



No marzal do 77 tiña lugar a primeira marcha sobre Xove, convocada polo nacionalismo popular, na que milleiros de galegos contestaban a Nuclear, a colonización, os intereses monopólicos.



Fotos POU/S/GALLOCHA

Cos primeiros ferranchos para construír a Alumina coordinabase a fondo toda a operación de esfarelar social e economicamente a costa norte.

Xosefina L. Corral



# O FRAUDE DA AUTONOMIA POST-FRANQUISTA

Xesús Cambre Mariño

Cinco anos despois da morte de Franco e con ano e medio de rexime constitucional ás costas, coidamos que é tempo de botar unha ollada reflexiva e crítica sobre o proceso autonómico profillado polo postfranquismo e as súas implantacións para Galicia.

Un dos problemas fundamentais cos que se enfrontou o reformismo postfranquista foi a reorganización político-administrativa do Estado español artellando as autonomías das nacionalidades e rexións. Nembregantes, os homes que integraban a coalición centro-dereitista no poder achegáronse a un tema de tanta transcendencia para os pobos afectados con enfoques restritivos, prexudicados e carentes de imaxinación creadora. Isto, co tempo tendería a fomentar a insatisfacción e o confusiónismo.

Ao parecer os homes da UCD, e tamén os dos outros partidos que formaban a oposición parlamentaria, estaban conscientes do descontento xeneralizado en todo o Estado contra o centralismo, enfermidade endémica española que se tiña agravado baixo o réxime de Franco. Xa que nos derradeiros tempos da ditadura, e principalmente desde presupostos tecnocráticos, fora collendo forza a idea de que conviña "rexionalizar" a territorio do Estado. Os tecnócratas pensaban que a súa "rexionalización" levaría a unha meirande eficiencia técnica e funcional, tanto no administrativo como no ámbito do económico. Se dúbida algunha, nesas antecedentes atópábanse as raíces ideolóxicas do tratamento ucedeo da cuestión das autonomías.

Lembrémosnos que a **Declaración do Goberno** que se formou despois das eleccións do 15 de xuño de 1977 afirmaba que era o seu obxectivo posibilitar "a institucionalización das rexións en réxime de autonomía", axustándose aos seguintes principios: 1) Recoñecemento constitucional das rexións, determinación das funcións e materias que corresponden ás mesmas e fixación das normas básicas que, coa debida flexibilidade constitúen o marco legal para elaboración dos estatutos de autonomía. 2) O recoñecemento rexional debe quedar posibilitado a todas as rexións e, sen perjuicio do que acorden as Cortes, a súa institucionalización a de descansar tanto no principio de autonomía como no de solidariedade.

Vai de seu que esa non podía ser a resposta axeitada á problemática de nacionalidades coma a nosa. O confucionismo centro-dereitista arracaba do feito básico e fundamental de que, ao falar de rexións, os homes da UCD deliberadamente trataban de ocultar a existencia dentro do Estado español de nacionalidades como Cataluña, Euzkadi e Galicia. Cun enfoque de inspiración tecnocrática, os herdeiros do franquismo persistían no mesmo erro multi-secular que provocara moitas traxédias ao longo da historia de España: non recoñecen a existencia de pobos con personalidade e identidade propias. As desastrosas consecuencias do cesarismo dos Austrias e os seus validos de turno, desastres repetidos en épocas posteriores, non acaban de ser asimiladas polas clases gobernantes españolas.

E curioso que o Goberno da UCD declaraba ser consciente de que "a política debe de axustarse á realidade histórica, social, económica e cultural dos pobos". Mas cun enfoque terxiversador que desmentía esa declaración equiparábase as diferentes rexións españolas, con características máis ou menos acusadas, ás verdadeiras nacionalidades decantadas ao longo do proceso histórico. Dese xeito, o pseudo rexionalismo empuxado por UCD representaba no fondo un desenfocado mal intencionado do problema das nacionalidades. O obxectivo era vanalizar a cuestión nacionalista por medio da concesión dunhas autonomías moi restrinxidas e o cebo da descentralización

administrativa que metera no mesmo saco, ou no molde, as rexións españolas e ás nacionalidades. Desde esta perspectiva a monobra das autonomías adequirirían as súas verdadeiras dimensións dun descarado fraude histórico.

Seguros do que querían, os herdeiros do franquismo seguiron adiante co seu modelo de autonomismo "rexional" e amosáronse dispostos a conceder reximes "pre-autonómicos" a oito. Por aquilo do prestixio histórico do catalanismo e en gracia a que este sempre tivo unha forte compoñente burguesa, o Goberno da UCD antes que nada restableceu provisionalmente a **Generalitat de Catalunya** en setembro de 1977. A concesión da pre-autonomía a Catalunya facilitou o retorno do exilio do vello político centro-dereitista Josep Tarradellas, quen presidiría a Generalitat por acordo con Adolfo Suárez.

Ao finalizar o ano 1977 UCD tamén concedeu a pre-autonomía as provincias de Euzkadi, con exclusión de Navarra, constituíndose o "Consejo General Vasco" baixo a presidencia do socialista (PSOE) José Rubial. Por cabo, en marzo de 1978 a UCD "fabricou" tamén a preautonomía para o país galego formándose unha "Xunta de Galicia" que sería presidida polo franquista Antonio Rosón.

Namentras, a realidade da vida político-administrativa nas nacionalidades seguía desenvolvéndose, agásalguns adovios cosméticos, coma apuntaba apuntaba na prensa madrileña, "de jefes provinciales del Movimiento" os gobernadores tiñan pasado a ser "jefes de la Unión de Centro Democrático". Por exemplo en Galicia, xa en plena etapa constitucional, un gobernador civil procedía na mesma forma autoritaria e abusiva tan propia da era de Franco. Coma un feito revelador da verdadeira situación existente nas nacionalidades tras o cambio de réxime, o gobernador civil de Ourense impoñía fortes multas de medio millón e dúas centas cincuenta mil pesetas a dous membros do Frente Cultural da AN-PG. O delito que motivaba tan duras sancións era o intento, posto na práctica polos nacionalistas, de galeguizar os nomes das ruas e prazas ourensás que tiñan denominacións foráneas impostas polo colonialismo político e cultural.

Por outra banda hai que sinalar que as provisións da Constitución relativas as autonomías que figuran nos artigos 143 ao 158, ambos inclusivos, non ofrecían grandes perspectivas de superación desde o punto de vista das nacionalidades e rexións. En primeiro término, as competencias asignadas a simples minúcias. Polo contrario, as competencias reservadas polo Estado en exclusividade ao longo dos trinta e dous apartados do artigo 149 abarcan os aspectos fundamentais do ordenamento económico, político, social e cultural da sociedade. Basta sinalar que o Estado resérvase a competencia exclusiva nas materias relativas a: Nacionalidade, Relacións internacionais, Defensa e Forzas Armadas, Administración de Xusticia, Lexislación mercantil, penal e penitenciaria, Lexislación e Laboral, Lexislación Civil, Lexislación sobre a propiedade intelectual e industrial, Réxime aduaneiro e arancelario, Sistema monetario, e así sucesivamente astra trinta e dúas materias.

Pódese concluir que moi poucas áreas de actuación, e de escasísima importancia, quedan dispostas para as Comunidades. Por fin, o artigo 145, no seu apartado primeiro, dispón que "en ningún caso se admitirá a federación de Comunidades Autónomas". O artigo 157, apartado 2, coma unha forte restrición aos poderes económicos das na-

cionalidades establece que "as Comunidades Autónomas non poderán en ningún caso adopatar medidas tributarias sobre os bens situados fora do seu territorio ou que supoñan obstáculo para a libre circulación de mercancías e servizos". Despois de todo isto o apartado 2 do artigo 158 afirma con paternalismo centralista que "co fin de correxir desequilibrios interterritoriales e facer efectivo o principio de solidariedade constituiranse un Fondo de Compensación con destino a gastos de inversión, cuíos recursos serán distribuídos polas Cortes Xerais entre as Comunidades Autónomas e provinciais, no seu caso". O que, tendo en conta a realidade económica e a persistencia dos desequilibrios espaciais existentes no conxunto do Estado, resulta un sarcasmo máis dos sectores do capitalismo español, no poder.

Non cabe dúbida de que as autonomías do postfranquismo non poden ser o remedio axeitado para solucionar os problemas de Galicia. Desde a perspectiva nacionalista as autonomías previstas na Constitución postfranquista son unha resposta, insuficiente pra a problemática da nosa nación. O nacionalismo popular reclama as súas propias bases constitucionais que levarían a un verdadeiro autogoberno e autodeterminación.

Cando se fala dos procesos autonómicos hai que ter mpi presente tamén os desequilibrios causados pola marcación colonialista. Neste contexto temos que lembrarnos que Galicia é un caso especialmente grave dentro dos desequilibrios peninsulares (produto da dominación centro-capitalista pois na nosa nación conflúen os estragos devastadores dun colonialismo de dobre filo. Por unha banda Galicia sufriu historicamente os efectos alleantes da colonización política, linguística e cultural imposta polo centralismo español, enfermidade que comparte cas outras nacións do Estado. Pero ademais, Galicia foi sometida a unha colonización do capitalismo español que sumiu na pobreza e no subdesenvolvemento a unha terra potencialmente rica e a un pobo rico e traballador.

Non se pode descoñecer que como un dos resultados máis dolorosos desa situación colonizada Galicia refrexa no seu corpo social dúas as grandes lacras do colonialismo. No cultural ten sufrido o mesmo padecemento alleante e transculturador que Cataluña e Euzkadi. E no económico o país galego equipárase máis ben a explotación padecida por terras tan distintas como Andalucía ou Extremadura.

E ben, qué lle deron a Galicia os cinco anos de postfranquismo, o autonomismo da UCD, e as Xuntas de Rosón, Quiroga e compañía? Os emigrantes seguen na emigración (senon demigran máis é porque non hai onde ir) e o desemprego vai en aumento coa perda de máis de 25.000 postos de traballo na provincia de Pontevedra somente. Namentras o capitalismo español e multinacional segue artellando proxeitos coloniais para Galicia como son as Autopistas, Alúminas e centrais nucleares.

Por outra banda no eido cultural seguen as manobras de corte imperialista coma o fedorento "Decreto bilingüista" que non é outra cousa que unha "ferramenta colonialista".

Para findar hai que dicir que desde a perspectiva nacionalista galega as posibilidades que ofrece o autonomismo postfranquista poden considerarse sen ningún valor. O proceso autonomista aberto polos neofranquistas da UCD podería catalogarse máis ben coma un intento de axear e actualizar, seguindo os medios e as recomendacións neocapitalistas, a explotación colonial exercida historicamente sobre Galicia polo capitalismo español.



Ilustracións: XESUS CAMBROS



## EUSKADI

Aberri Eguna 80: o mais duro,  
o mais dividido

ANTON OLEA

Os "Aberri Eguna" (Día da Pátria Basca) unitarios xa pasaron á historia. De certo, a dispersión de convocatorias do Aberri Eguna deste ano indica que en Euzkadi vaise a pasos de xigante cara una definición máis precisa dos diferentes partidos. Nembregantes, de xeito parello a celebración, este día coñecen un dos maiores alardes de desprestigio e represión policial dos últimos anos, somente comparábeis aos que producían nos anos do franquismo.

Esta última característica habíaa denunciar despois o mesmo PNV, que declarou que "se desenrolou nun clima de intranquilidade e sobresalto, cun alarde de ocupación policial, que, en vez de contribuir a evitar incidentes foi moitas veces causa deles".



Foto: TXEMA

## POLICIA CONTRA H.B.

Herri Batasuna, da sua banda, ademais de denunciar a actitude das FOP, deulle a volta á cuestión para vir dicir que a xornada fora un éxito, "xa que se demostrou que nen existe democracia nen existen demócratas no poder".

O desenrollo deste Aberri Eguna 80 é xa coñecido. A maior tensión produciuse en Iruña e Gasteiz. Os incidentes na capital nafarra començaron ao mediodía, cando a policía disolveu unha manifestación na que tomaban parte dirixentes e cargos electos de H. B. Entramentras, os enfrontamentos començaban a abondar nos diferentes barrios periféricos da cidade.

A "Plaza del Castillo", corazón da cidade, era naquel intre un baluarte policial, con todos os recantos ocupados por efectivos policiais. Malia isto houbo quen se astreveron a insultar á policía, que repostou cun ataque á sede do PNV, sita na mencionada praza, de onde, levaron arrestados a oito persoas, que máis tarde quedarían en liberdade.

Polo que lle toca ao PNV, compre salientar tamén que o presidente do Nafarroa Berriz Batzarra do partido, Pello Irujo, resultou ferido dun pelotazo de goma nun ollo á saída do funeral

organizado polo PNV na lembranza de dous militantes da súa pola xuvenil EGI, que resultaron mortos hai máis de dez anos cando tentaban colocar un artefacto explosivo.

Gasteiz foi lugar tamén de enfrontamentos desde o momento en que varios autobuses cheos de simpatizantes de HB se dirixiron a capital de Araba ao serlles impedida a entrada en Iruña. O cenit da tensión atínguiuse cando estas persoas penetraban no prazo da Diputación Foral onde se celebraba un banquete co gallo de Aberri Eguna, sendo desaloxados violentamente pola policía tras dun forcexeo entre a "Policia Nacional" e a Foral ("miñones"), quen se opoñían á intervención da "Policia Nacional".

O MAIS IMPORTANTE,  
ALEI DOS PIRINEOS

En tanto que a xornada en Gipuzkoa e Bizkaia xiraba arredor dos actos festivos a nivel de localidade organizados polas "Juntas Municipales" do PNV, o Aberri Eguna de Euzkadi Norde erixiuse no máis importante da historia das tres provincias bascas alén dos Pirineos. Con máis afluencia que nunca, a celebración serviu para facer saltar á palestra, a través de diferentes actos, a precaria situación eco-

nómica e cultural da zona. Contrariamente ao acontecido do outro lado da fronteira, a policía non apareceu.

O "UNITARISMO", ES:O-  
RRENTE

Xa ao marxe da represión, o Aberri Eguna deixou patente a fonda división entre partidos que se está a producir en Euzkadi. Ao principio, HB escolleu unilateralmente a cidade de Iruña, baixo o lema de "Pola soberanía nacional de Euzkadi", véndose posteriormente esta iniciativa secundada por LKI e EMK. Euzkadiko Eskerra tamén tirou pola súa banda, escollendo Donosti e o lema de "Amnistia, Nafarroa e saída da crises favorábel aos traballadores", e após teren fracasadas negociacións con PSOE PCE, que non admitían ningún dos seus primeiros puntos.

Pero quen máis se distanciou do resto das forzas á hora de realizar o "Aberri Eguna" foi o PNV, que renunciou a calquera xeito de manifestación masiva nen reivindicativa, deixando a celebración nunha chea de minoritarios actos folklóricos.

Con este panorama, e en medio dun relanzamento da represión policial, aparece impensábel que en Euzkadi se volvan reproducir os actos masivos de épocas anteriores.

## PAISES CATALANS

A constitución  
do Parlament

MARIA MERCE MARÇAL

Co Parlamento de Catalunya a punto de se constituire, aparece xa seguro de todo que o primeiro "Goberno" da Generalitat autónoma post-franquista vai ser un goberno en minoría e monocolor, formado por homes de Convergencia i Unió e algúns independentes, e sen apoio parlamentario estábel suxeito, xa que logo, a posibles crises, e pendente das decisións de dous grupos minoritarios, UCD e Esquerra Republicana de Catalunya, que maiormente esta última, teñen da súa man in importante elemento de presión á hora de condicionar o seu apoio a Jordi Pujol. De momento, xa se fala de que seguramente a Presidencia do Parlamento vaielle tocar a un home de ERC, concretamente o deputado por Lleida Victor Torres, vello militante da "Esquerra" histórica.

Da súa banda, o segundo partido, PSC-PSOE, tén ratificado mais dunha vez a súa decisión de se constituiren no primeiro partido da oposición, sen formar bloque con ningún e exercendo, según din, unha oposición constructiva. E evidente que ao PSOE, dende a súa perspectiva non lle interesa participar nun Goberno en que estaría en inferioridade de condicións, cunha maioría de dereita e co desgaste, o descrédito e a perda acelerada de credibilidade de esquerda que lle ia suporter, e onde a ERC, un dos destinatarios principais dos votos perdidos polos socialistas o 20 de marzo, tería unha posición de arbitraje de privilexio. Un Goberno desta caste (CDC-ERC-PSOE) sería o que lle interesaría precisamente ao partido de Barreña, e máis inda, esta foi a condición imprescindible que a Esquerra puxo para participar no Goberno. E é que a ERC é consciente de que unha boa parte do seu voto é de intencionalidade socializante, e tampouco se pode arriscar a perdere a súa imaxe cun goberno só con Convergencia, partido que tén recollido unha grande parte do voto "centrista". E inda menos se este Goberno CDC-ERC contara co apoio explícito do partido de Suárez.

¿CARA A  
'ITALIANIZACION'?

Pero ao PSC-PSOE convélle desmarcarse tamén do PSUC, e polo tanto, tén deixado claro que non vai formar tampouco bloque ningún de esquerdas na oposición. Isto ia significar, sen dúbida, para os socialistas ir ao remolco dos eurocomunistas, que contan cun partido moito máis estruturado, estabilizado e con capacidade de mobilización. Eso significaría, e tamén significaría esvaír inda máis o seu espazo político, sen dúbida a prol do PSUC. Algúns observadores políticos teñen falado xa da posíbel "italianización" da política en Catalunya, cun progresivo enfeblecemento dos socialistas, e unha bipolarización entre o centro-dereita e máis o eurocomunismo.

Así, o PSC-PSOE tén anunciado ir realizar unha acción constructiva, sen formar bloque ningún, e o PSUC vai ser a nivel parlamentario, e seguramente a fondo, quen xogará a partido da oposición, cun sindicato por tras, spoñéndolle á CDC toda a responsabilidade de non teren aceptado a súa proposta de "Gobern d'unitat".

Mostra desta actitude tén si-

do xa a posición adoptada polo "Conseller de Sanitat" Espada, do PSUC, no conflito recén a prol da campaña do "planning" familiar. Campaña lanzada poucos días após as eleccións, que se parou a raíz dunha orde do President Tarradellas alegando que había que debetela antes no Consell Executiu da Generalitat. Neste organismo, noutante, non chegou a discutirse, após Tarradellas se ter botado atrás na súa prohibición tras de varias movilizaciones, importantes se temos de conta as datas de Semana Santa, e á actitude inflexible do Conseller, que ameazou coa súa dimisión decontado caso de que esta discusión se levava ao cabo. Evidentemente, o protagonismo que podería adquirir o PSUC con este choio, arredor dunha campaña que unha grande parte da poboación sinte necesaria, tén feito cambiar a decisión do President, e a campaña seguirá.

## PUJOL, PRESIDENT

No que lle toca ao novo President de la Generalitat, pódese dar xa como certo que vai ser Jordi Pujol, co apoio da UCD e da Esquerra Republicana de Catalunya, anque este último poñerá algunhas condicións no que lle toca á forma de Goberno, e reclamará algun cargo (xa falamos antes da Presidencia do Parlament), desestimada xa a súa pretensión inicial, sen dúbida sobexa, de aspirar á Presidencia da Generalitat. Da súa banda, o PSOE tén anunciado non ire entrar en negociación ningunha, e inda non tén decidido se se vai abster o votar á contra da elección de Pujol.

P.V.: ¿UNIDADE  
NACIONALISTA?

En tanto se coce no Principat todo este maremagnum parlamentario, tense encetado un proceso que compre seguir con atención. En tanto os partidos autonomistas fican no calexón sen saída que significa o non poderen aplicar ningunha via autonómica (para a do 151 faltalles o apoio da UCD, e para a do 143, seguramente a do PSOE), empeza a callar un movemento en base a uns puntos de acordo inda ben amplos, e dentro do ámbito da Esquerra d'Alliberament Nacional (libertades nacionais para o País Valenciá, reunificación dos Países Cataláns, defensa das sinais de identidade e liberación da clase traballadora), que parece irse chamar "Front d'Esquerra Nacionalista".



## O SALVADOR Monseñor Romero na loita anti-imperialista

O 17 de marzo caía abatido polas balas duns pistoleros, mentras celebraba un acto eucarístico, o Arcebispo de San Salvador. Os historiadores eclesíasticos lembraron de inmediato outro crimen, o asasinato na catedral de Tomé Beckett por emisários reais. As motivacións son diferentes. A reacción da Igrexa oficial tamén; para Tomé a inmediata canonización e dedicación de altares; para Oscar, uns comunicados de reprovação, pero nada de identificación co morto. Tomé significou a defensa dos dereitos eclesíasticos na reforma gregoriana. Oscar a defensa das clases oprimidas.

O caso persoal de Oscar A. Romero súmase ao sector minoritario da Igrexa profética da América Latina. É ben sabido que diversos movementos cristiáns de aquel continente significan desde a década dos sesenta a oposición ás ditaduras, e forman na vangarda das loitas revolucionarias contra o colonialismo imperialista de U.S.A. Como observou o bispo de Valdecañas, Mns. Iñiesta, a Igrexa latinoamericana que elaborou as conclusións de Medellín e Puebla, dános unha lección aos cristiáns europeos; mentras aquí só unha minoría está solidarizada cos asoballados, a maioría americana é máis numerosa e máis loitadora. En todos os movementos revolucionarios latinoamericanos estiveron e están presentes os grupos cristiáns revolucionarios. A Igrexa oficial non ocupa todos os lugares, non monopoliza as decisións, non os bispos da minoría revolucionaria, e saben tamén ir a mor-

te. Son xa centos os cristiáns asasinados polas dereitas oligárquicas. Precisamente Mns. Romero, Bispo sen problemas para o Vaticano, despertou ao ver que algúns dos seus sacerdotes máis adicados ao pobo caían abatidos pola violencia dereitista.

### CATORCE FAMILIAS DONAS DO PAIS

A realidade sociopolítica do Salvador dramática en 1977, cando Mns. Romero foi ascendido a arcebispo da capital.

A república salvadoreña tiña 4.310.000 h., 203,7 por km<sup>2</sup>, cunha taxa de nacementos moi alta, 41,7 o/100 e un analfabetismo do 37 por cen da poboación. Este analfabetismo encubría a pobreza tanto dos traballadores urbanos como do campesinado. Catorce familias oligárquicas eran donas de caseque totalidade

das terra cultivabel.

Desde 1931 o poder era detentado polo militares como testaferrós da oligarquía. O presidente derrocado o 15 de outubro do 1979, Carlos H. Romero, era una copia fiel de Somoza, tirano de Nicaragua. A Xunta Militar que lle sucedeu, puido aparecer

como reforma democrática xa que contaba con democristianos nos ministerios e Mns. Romero — como outros — tivo esperanza de este novo goberno ia realizar reformas fondas. Pronto vultou do seu engano e denunciou os crimes da Xunta que igualaban do tirano Carlos Romero. Só a evidencia levou a Mns. Romero ao enfrentamento coa Xunta e a defensa das organizacións populares.

### AS ARMAS VEÑEN DESDE U.S.A.

Lentamente foise constituindo unha coordinadora de masas que engloba ás vangardas do Bloque Popular Revolucionario e aos grupos LP-28, FAPU E Mentras o Goberno prosigue unha política económica monopolista a Coordinadora reivindica a reforma agraria e a inmediata elevación de salarios. Contra estas reivindicacións a Xunta Militar só conta coas armas. Estas están a sua disposición en U.S.A; de aí a denuncia de Mns. Romero a Carter e a chamada urgente aos sentimentos humanos dos Norbateran ás ditaduras e aos gobernos seudodemocráticos de Latinoamérica.

O asasinato de Mns. Romero está a precipitar a guerra civil revolucionaria, algo inevitábel no Salvador. O seu enterro non apagou as armas; 40 persoas asasinadas nunha masacre a todas luces provocada.

Os pasos a seguir no Salvador levan ao exemplo de Nicaragua onde o FSLN se mantivo inflexible astra a vitória. Agora están a nacer no Salvador, como antes en Nicaragua, coalicións da burguesía coa Coordinadora de masas para substituír aos militares. É unha serodia maneira

de aproveitar os froitos dunha loita ensanguentada na que ese mesmos burgueses se mancharon as mans. O Salvador é hoxe un centro onde se enfrentan o imperialismo co socialismo, o colonialismo explotador coa liberación nacional descolonizadora.

Como acaba de escribir un periodista católico a morte do Arcebispo Oscar A. Romero non é rescatábel; nen a Igrexa oficial romana, nen a burguesía socialdemocrática poden apoderarse dun mártir. **Mns. Romero foi asasinado polos ricos e so pertence aos pobres.**

FRANCISCO CARBALLO

## Bolivia e a liberación nacional

Despois de século e medio de permanentes formas de dominación, o movemento obreiro e o movemento campesiño surxen en Bolivia, e convertíronse no factor decisivo na loita anti-imperialista, loita que a través da crecente insurrección popular que se está a dar na área, contribuíu a facer máis patente a crise do sistema.



A poboación campesiña, representa perto do 70 por cento dos cinco millóns de bolivianos, e está integrada polos pobos quechua e aymara, que viven na parte occidental do territorio (os Andes e os vales formados nas estribacións da corda Andina) na parte este do territorio, viven outros grupos étnicos minoritarios. Toda esta grande maioría nacional, non ten ningún tipo de atención por parte do goberno, viven en zonas de alta depresión económica onde a taxa de mortandade infantil é de 300 nenos por cada mil nados vivos, o nivel de ingresos anuais para cada familia campesiña, apenas chega a 19.500 pts. anuais. En contraposición o 5 por cento de familias ricas, ten ingresos superiores a 130.000 pts. ao mes. Mais o campesiño boliviano non só está sometido a este tipo de discriminación na distribución da riqueza, tamén ten que afrontar unha violenta represión cultural xa que os idiomas ymara e quechua non son oficiais e a través dos gobernos de turno, o imperialismo trata de impor formas de vida alleas ao medio e a tradición cultural autóctona, para este 70 por cento da poboación que se resiste a abandonar os seus usos e costumes ancestrais, a esquecer o seu idioma, o sistema de dominación negalle calquera forma de desenvolvemento cultural, para un poboador, o feito de falar a sua propia lingua, fai que non teña acceso a alfabetización. Ante estas perspectivas de vida o campesiño vese obrigado a abandonar as suas terras e a emigrar as zonas urbanas onde o nivel de vida non cambia e segue sendo de subsistencia.

O proceso de toma de conciencia trouxo xa fai moito tempo o surximento de mobilizacións liberadoras por parte dos campesiños; así entre 1765 e 1781 déronse insurreccións encabezadas por Julián Apaza contra os conquistadores españois. Hoxe en día, madurou a toma de conciencia, e a causa da identificación dos problemas surxiron agrupacións políticas, que buscan principiar o proceso de liberación nacional.

No que hoxe en día é Bolivia que só formalmente é un estado independente xa que na realidade é un país sometido, oprimido e dependente ao que o imperialismo só se lle permite desenvolverse na medida dos seus intereses, sinalándolle unha función mono-exportadora baseada na extracción de minerais de estano, nesta actividade participan 80.000 traballadores que representan o 5 por cento da poboación pero xeneran o 94 por cento dos ingresos pola exportación nesta actividade. A concentración de capital é de tal magnitude, que só vinte empresarios participan na actividade do sector mineiro. O estado aporta as divisas para a exportación e o capital privado beneficia con elas evidentemente os grupos financeiros, dos que estes vinte empresarios son simples intermediarios, son os máis beneficiados.

A partir de Novembro de 1970 déronse grandes movementos de masas e sobre todo o movemento obreiro obrigou ao goberno de Torres a adoptar unha política anti-imperialista, desta forma é como se chegou a nacionalizar unha serie de riquezas minerais que pasaron ao poder da Corporación Minera de Bolivia (COMIBOL); tamén se dispuxo o control por parte do estado das reservas petrolíferas, dispuxose asimismo o control por parte do estado do monopolio no comercio exterior de minerais. Toda esta corrente nacional democrática, que constituiu un auténtico período pre-revolucionario, foi truncada pola forma violenta con que actúan o imperialismo, facendo ademais uso da desestabilización económica, o terrorismo e finalmente todo isto culminou co golpe de estado do 21 de Agosto de 1971 que supuxo a ilegalización dos partidos políticos, a persecución dos dirixentes sindicais e se aplicou desde o mesmo estado a violencia represiva.



Guardería Infantil

d' Castro

PORQUE OS NENOS GALEGOS  
TAMEN TEÑEN DEREITOS

M. OLIVIE, 13  
TELEFONO (986) 41 69 16

VIGO



## PANORAMICA DO FUTBOL GALEGO

Vimos asistindo, de hai uns cantos anos, a unha lenta agonía do fútbol galego, tanto deportiva como economicamente, sen que se albisque ningunha solución que poida sacarnos do pantano en que estamos.

No aspecto deportivo fomos perdendo pesadamente as posicións privilexiadas que ocupabamos dentro do panorama estatal a fins dos anos 60, con tres equipos na primeira División (Celta, Deportivo e Pontevedra), dous na segunda (Ferrol e Ourense), así como a nutrida representación individual nos equipos españois que, nesa mesma década, incluía nomes tan importantes como Luis Suarez, Amancio, Veloso, Reja, Cortizo, Ufarte, Pais, Marcelino, Zuzunegi, etc., deixando estas verdadeiras figuras unherdeiros, xa menos cotizados, pero homes tamén dun valor relevante, coma Costas, Manolete, Manolo, Juan, Amado, Pellicer, que algúns deles inda fican en activo.

Pois ben, na actualidade, como de todos é ben sabido, non poseemos ningún representante na máxima categoría do fútbol estatal, militando Celta e Deportivo da Coruña na segunda A, debaténdose no fondo da clasificación e tratando de eludir un novo descenso, igual ca o Pontevedra, Ferrol e Ourense na categoría seguinte.

No aspecto individual, pese á grande proliferación de Seleccións Estatais a distintos niveis que se producen actualmente, somente contamos cun home (Buyo) que é seleccionado con certa frecuencia para a formación Sub-23.

Aunque se pésima é a situación deportiva, no económico aínda a superamos, cuns números rúbicos que algúns Clubs chegan a subir dos 100 millóns de Ptas., e o que é máis grave, lonxe de ir a unha diminución desas cantidades, de ano en ano midran considerablemente.

Na meirande parte dos casos, coído que absolutamente toda a culpa desta situación, tena a ineptitude dos directivos, que en grande proporción, chegan aos cargos sen uns mínimos coñecementos do terreo que van pisar, procurando sinxelamente a notoriedade que o cargo lles fornece, recostados sempre nunha sólida posición económica.

Doutro xeito non se poden comprender as pésimas planificacións que fan nos seus respectivos equipos (ases de entrenadores, que eles mesmos contrátan, ás primeiras de cambio, fichaxes de xogadores foráneos con elevadas primas, e que raramente ofrecen un rendemento aceptábel, non axustarse ás realidade económicas dos seus Clubs e a consecuente confección dun presupuesto conforme ás súas posibilidades; e un longo etc. que se faría interminábel).

A solución de todo esto coído que tén dúas vertentes, dun lado atopar as persoas realmente capacitadas para gobernar un e do outro só tén unha verba: Canreira.

Pero penso que calquera das dúas solucións, pola súa complexidade, ben merecen un comentario aparte que deixamos para outro día.

PEPIN GONZALEZ

## AS HIGHLANDS CLEARANCE (2) Sobre a dominación de Escocia

CARLOS DURAN

Nestes lances distinguíronse o administrador James Loch e o seu enemigo mortal Donald Macleod, albanés, que levou a campaña á prensa. As condicións de Sutherland, fíes tradutores (en todos os sentidos da palabra) ao gálico das ordes e editos ingleses. A sumisión chegaba ao punto de ter que os labregos pediran permiso para se casaren.

Ao primeiro os señores, magnánimos, permitíanlles levar as trabes das casas cando os botaban, para así poderen facer outra casa na costa. Despois xa as comensaron a queimar "pagándolles" o precio en que as tasaran. Máis adiante, cando viron que moitos se resignaba, xa queimaban todo sen miramentos: non só a casa, senón as dependencias dardedor, paleiros, moíños, cortes, celeiros. O pobo fuxia espavorido: houbo mortes a consecuencia das queimaduras, sobre todo en persoas velhas. Os axentes da "orde" non respectaban non xiquera os animais domésticos: galiñas, gatos, cans, eran queimados dentro se non lograban fuxir cando plantaban lume ás chouzas.

fanos tanguendo cara á costa, como animais, para que se fixeran a idea de emigrar. Algúns que apousaban nun ou outro sitio, tratando de formar un lar, foron desplazados tres e catro veces pola lei.

O escándalo das queimas choutou a prensa. Contáronse casos heroicos: unha vella de 70 anos escachoulle cunha pedra a espada desembainada a un capitán. Outro labrego tivo que percorrer 25 millas levando no colo dúas fillas, primeiro unha e despois outra, aos poucos, pousando unha mentras carrexaba a outra, e así toda a distancia. Un vello tivo que alimentarse da fariña caída no chan do moíño, e a final morreu. Non respectaban nen os tolleitos, queimaban aldeas intrínas, o toxo, a xesta.

O administrador James Loch expresou así a política dos "melloramentos": "Convertir a poboación destas partes a hábitos industriais e permitirilles levar ao mercado un excedente moi considrábel de provisions para o abastecimento das grandes cidades do sul do país, ou para a exportación".

Das posesións do Duque botaron 15.000, o que lle permitiu chegar a exportar medio millón de libras de lã, mentras os seus súbditos tiñan que acampar como ciganos na breña, alimentarse de ovos de ventoiña. Mesmo nas famosas pescarías, a preferéncia declarada era para o forasteiro. As fajaxas costeiras eran ruins, bordeadas de cantis, con pouco chan cultivábel que se esborralaba polo acantilado. O vento guindaba a semente no mar, o sal mariño meraba as plantas, o gado que poderan tragar voltáballe para a casa e decomísábanllo, tendo que pagar unha multa para recuperalo outras veces esfragábase



se polos rochedos, ou perdiase.

Esta situación intolerábel intensificou a emigración que xa comencara tres cuartos de século antes. Primeiro ofrecíanlle escoller entre emigrar ou someterse aos plans "melloradores". Pintábanlles unha imaxe viciosa das terras de alén mar, arrincábanlles o precio da pasaxe, e metíanlles en barcos nas mesmas condicións que os escravos da África, enchendo os petos dunha caste de especuladores que tiñan moito en común cos negreiros (chamémolles emigreiros). Pero cando chegaban a Canadá atopábanse coa hostilidade dos indios e a crueldade dos invernos. Entramentras a especulación ía facendo subir o valor das terras que lles foran arrebatadas, chegando a duplicarse en cinco anos.

Continuaron os enfrontamentos. En Culrain as mulleres escorrentaron un destacamento de soldados con paus e con pedras que levaban no avental, e fixéronos recuar deica unha venda, onde os tiveron acosados. Os terratenentes decían que viña a anarquía, o xacobinismo. De Fort George saían soldados, atendendo ás chamadas anguriadas dos anos.



O señor Chisholm valeirou as súas terras de Strathglass. O señor Alister Ranaldson Macdonald, de Glengarry, botou en 20 anos os dous tercios dos seus labregos. Ao ir quedando valeiros os vales, deron en alugar os dereitos de caza a ociosos ingleses que lle viñan disparar ao galo monteiro, o cervo, a lebre, ou pescar o salmón.

Para empiorar as cousas, en 1832 chegou de Inglaterra o cólera. Dixeron que o espallaran os vagamundos que andaban dunha parte para a outra coas súas misérias. En 1836 fallou a colleita e veu unha grande fame aos Highlands. Pero os labregos continuaron a resistir e en 1841 o pobo reduciu un fato de policias a unha cabana, logo de escorrenllos polo monte abaixo. Pero afinal a lei sempre gañaba e as ovelas ían avanzando polas valgadas arriba.


En 1845 veu a ferruxe da pataca (que dezmoou a poboación de Irlanda). A subida dos prezos fixo lucrativa a exportación da pataca e da cebada. O pobo opúxose aos embarques de alimentos para o sul cando eles estaban a morrer de fame. O goberno estaba disposto a dar algo de traballo coa construción do Caledonian Canal, era a política das "workhouses", casas de caridade onde se traballaba a cambio de comer, controlando a cantidade de comida segundo a cantidade de traballo realizado. Mentras tanto as baionetas protexían os embarques de trigo, cebada e aveia para o sul.

En 1847 houbo outra vez tumultos pola comida en Ross e Caithness. Repetíanse as circunstancias: a xente apedrexaba os soldados, que atacaban a baioneta despois de lerlles a Riot Act, mentras a xente gritaba "estremos a morrer de fame!".

O poeta Kenneth Mackenzie escribía:

"Vexo os montes, os vales e as encostas, / mais non me alivian as penas / Vexo fatos de xente embarcando / nos barcos de velas brancas / Vexo a nación gálica porta afóra / Vexo o pobo que se vai / as montañas non o querén".

Entre 1763 e 1775 emigraron 20.000 montañeses. Nun ano saíron 54 barcos dos portos escoceses. Nos emigrantes cebábanse os especuladores, o tifus, o cólera, a desintéria. Os barcos pertencían a ingleses que mercaban á Coroa terras en Nova Escocia e precisaban colonos. Pero, chegados ao paradiso, os colonos tiñan que comer a casca das árbores e arrincar lapas das rochas xeadas para sobrevivir o inverno. Dun cargamento de 200 que saíran no outono só quedaban 78 na primavera. Tiveron que roubar comida ou entregarse en contratos onerosos a emigrantes que os preideran.

se lle vai viaxar  
faga turismo  
na "casa" 

A SUA CASA E SUA. E VOSTEDE VIVE COMO QUER E VAI ONDE QUER. AS CARAVANAS E COMPLEMENTOS CATUSA TEÑEN TODO O QUE FAI FALLA. ASTRA O PRECIO E BON.



CARAVANAS CATUSA

E COMO UN "LAR" PARA LEVAR NAS VACACIONS E FINS DE SEMANA.

Servicio Post-Venta garantizado

 **COMERCIAL LAMAS**

Perpetuo Socorro, 1  
Telf. 217080  
Lugo

Navia Castrillón, 12  
Telf. 560704  
Vivero

General Franco, 24  
Telf. 450674  
Puentes G. Rodríguez



## ΥΓΙΕΙΑ ΚΑΙ ΠΑΝΑΚΕΙΑ, A TESE EPIDEMIOLOXICA

ANXO RODRIGUEZ

Falando de morbilidade, compre adicar, nesta pentaxia epidemiolóxica, unha consideración especial á TUBERCULOSE, enfermidade endémica en Galicia, cos índices máis altos do Estado e mesmo de Europa.

A pesares do nivel actual do saber e da técnica médicas sobre esta enfermidade, tanto na súa epidemioloxía da banda coñecida, coma no diagnóstico, mesmo no seu tratamento, da máxima eficacia, hoxe a tuberculose continúa a ser un grave problema sanitario, debido a unha serie de factores diversos que negativizan un control axeitado. Para a sanidade oficial, Galicia constitúe o núcleo das chamadas "provincias negras". Os índices de morbilidade, sempre por baixo da realidade, son sorprendentemente altos. Os datos de mortalidade, máis certos e fiables, non teñen moito valor sanitario debido a que son dados seródios e pouco significativos do grao de endemicidade se temos en conta que a enfermidade é fundamentalmente de longa evolución e curábel, e por suposto a taxa de notificación non real (4.165 casos en 1979).

### MORTALIDADE POR TUBERCULOSE

(Todas as idades e todas as formas, con máis do 95 por cento das formas pulmonares)

1976

A CORUÑA	114
LUGO	55
OURENSE	46
PONTEVEDRA	46
Total	290

Fonte: Movemento natural de la población española año 1976 (Tomo II, Vol 1, 1979) I.N.E.

A taxa de infección anual que sofren os nenos de sete a catorce anos, a segunda estimación oficial fiable é de 1,95 por cen e a prevalencia da enfermidade, que se mantén caseque invariábel nos derradeiros anos, era pra 1973 de 42.890 casos. Por outra banda a vacinación BCG non significa unha cobertura efectiva, mesmo as veces as complicacións da vacinación sobrepasan os beneficios e en realidade por debaixo duns determinados índices de prevalencia non




Ilustración: XULIO MASIDE

é xa a primeira medida preventiva e aínda pode ser desaconsellábel.

A tuberculose xa foi para Marx (...) condición de vida do capitalismo... sanidade nos distritos fabrís da Gran Bretaña, 1861) o prototipo de enfermidade "social" tanto nas relacións de causalidade social, na produción de efectos

sociais como na demanda de medidas sociais ou socioeconómicas. A situación actual de desaxuste na loita antituberculosa, que ten ben analizada Navarro (1977) nos diferentes niveis, sanitario, profesional e comunitario, é moi semellante, salvando tempo e espazo, a daqueles anos. O estudar estes desaxustes penso que o contexto é susceptible de unha "reductio ad unum" capitalismo-colonialismo. Inevitabelmente o capitalismo xenera a súa propia práctica médica.

O REUMATISMO INFANTIL-XUVENIL, FEBRE REUMÁTICA cando escomenza, é outro problema que fica ser moi grave na nosa área. Segundo os expertos, os feitos máis documentados que gardan relación co declive na incidencia e prevalencia do reumatismo cardiovascular-febre reumática, serían sen establecer claramente un orde de prioridade, as melloras socioeconómicas (insalubridade das vivendas, promiscuidade, probeza) e os antibióticos.

Lembrando un traballo noso de fai uns anos, para reportar datos sobre as posibles relacións entre a frecuencia de reumatismo e a influencia de presuntos parámetros biometeorolóxicos do noso medio sen chegar a negar as evidencias que amosabamos, case resulta ridículo hoxe non pensar, que para documentar axeitadamente aqueles datos, sería preciso neutralizar previamente a acción dos factores ambientais socioeconómicos, o que non estaba por suposto na nosa man, e que inciden tan fortemente na epidemioloxía desta enfermidade, non so nas condicións do ospede senón

tamén no control do axente da enfermidade. Unha conclusión que decote ignórase na epidemioloxía das enfermidades que seguen o mesmo esquema.

De maneira que coñecido o axente causante da F.R. (estreptococo) e dada a eficacia da prevención primaria, a existencia hoxe de reumatismo é unha proba flagrante da negligencia do sistema sanitario, máis aínda do sistema social do que aquel é un produto.

A cardiopatía reumática como consecuencia de enfermidade estreptocócica, anixinas, farinxites e evitábel. Hai dificultades para elaborar unha estadística axeitada, debido como sempre a escasa notificación, etc. pero compre dicir que 7 de cada 1000 mozos de 18-29 anos padecen cardiopatía reumática. Por tratarse tamén de un proceso de longa evolución os datos de mortalidade non son indicativos do grao de endemicidade, de todas maneiras 10.000 mortos anuais a nivel do estado é unha cifra importante. A notifi-

## da terra asoballada

### OURENSE REPRESION DO ENSINO

Dentro do que se ten dado en chamar desenvolvemento constitucional, teñen ido aparecendo unha serie de leis que veñen marcar as pautas e os vieiros polos que encarrilar o ensino.

Así a recente aprobación do Estatuto dos Centros, así o Decreto de Bilingüismo, así a futura Lei de Autonomía Universitaria. Un só fin se persigue: a implantación inmediata dos principios consagrados polo artigo 27 da Constitución Española.

Todo isto xa o tiñamos denunciado diante do estudiantado, e tiñamos advertido sobre o que ía pasar cando estas leis coloniais fosen postas en práctica. Non era mesianismo, e os primeiros "fritos" desta política xa viñeron derriba do estudiantado galego, non máis de tres semanas despois xa de ter sido aprobado o Estatuto de Centros.

Cunha crudeza que non se lembraba desde hai moitos anos, cun sospeitoso tino á hora de elexir aqueles que tiñan de ser eliminados, paseniñamente nun principio — para tantear a nosa resposta — o Goberno Español a través dos seus intermedios — Delegacións, direccións — empezou o seu "safari" para eliminar a aqueles que enfrentan a súa política educativa.

En Ourense tivemos un caso paradigmático de quen van ser os "elexidos" e cais van ser os me-

mos a empregar nesta sistematizada represión. En Pontevedra, na Coruña, con numerosos casos de represión lingüística (non a corrección de exames, impedimento de emprego do noso idioma,...) en toda a Nación coa restrición dos mínimos dereitos democráticos (liberdade de reunión, expresión e ...). Imos construíndo o mapa dunha teimosa persecución de todo aquilo que poida obstaculizar a imposición dunha política que, como dixemos, non é nen máis nen menos que o fiel espello do espírito da Constitución Colonial Española.

O centro tamado como laboratorio de experimentación — o INB das Lagoas — pasou astra- agora como o máis "progresista" da cidade. Aquel onde se facían asambleas, reunións, actos... sen problemas por parte da dirección, curiosamente, ou non tanto, incluso a propia dirección chegaba a potenciar as loitas do estudiantado (semana loita do 28 de Xaneiro folga de Novembro), actitude comprensíbel perfectamente en canto se quixo e quere presentar unha imaxe de deterioro do ensino estatal, do funcionamento interno anárquico do centro, etc... que facilite a viabilidade a prevista represión ulterior.

Coa expulsión dun compañeiro — afiliado a ERGA — mediados do mes, todo este telón cai, e amósase a verdadeira

faciana, tanto do sistema educativo, como dos propios rectores do centro.

Aos intentos de asambleas, reunións de delegados... respóndese co máis refinado repertorio represor: "encarcelamento" de compañeiros, durante máis de 2 horas polo grave "delito" de repartir panfletos de ERGA, apertura de partes por razóns ridículas (ir aos servizos, solicitar asambleas, levantar a voz,... e un longo etc...) 80 chegaronse a abrir nunha soa mañá. E ademais utilizando algo que astra agora penduraba como Espada de Democles sobre nós. As Asociacións de Padres.

Os obxetivos espuxémolo antes, eliminar o estudiantado conflictivo e todo aquilo que cheire a galego e popular impedir a solidariedade do estudiantado, impor na práctica o Estatuto dos Centros.

Para isto non se van parar en medias tintas e os medios a empregar van ser todos, quizais o máis chamativo sea o emprego das Asociacións de Padres.

Cunha dirección, formada por membros da AP-UCD e PSG, con 45 cotizantes de 1400 posibles — inmensa representatividade! — este fantasma ante ten a desfachatez de pronunciarse pola expulsión do noso compañeiro, e xa en repetidas ocasións "pedira cabezas" en palabras testuais do director do Centro.

A utilización e manipulación

dos pais e a actitude fascista das direccións constitúen o binomio perfecto para deixar as cousas ben atadas e conseguir que tamén os centros de ensino estatal seán os transmisores de formación de colonizados.

Soio o noso enfrentamento decidido, a nosa postura intransixente fronte todo tipo de represións, a nosa práctica de oposición ás leis do Goberno Español (Decreto de Bilingüismo, Estatuto de Centros...), empregando o noso idioma, loitando polas nosas reivindicacións, pode parar esta ofensiva que se esta a levar no ensino e vai ser garantía de que tampouco no ensino se levada adiante a práctica constitucional.

DIRECCION NACIONAL  
E.R.G.A.

### OS DEREITOS DOS MINUSVALIDOS

Meus bons amigos:

aproveito esta ocasión que escribides para contestarvos e deciros o que vexo e vivo como minusválido, agradecendo tivas de a ben o publicar esta en Cartas ao Director.

Coido que, en primeiro lugar, en España no

Coido que, en primeiro lugar, en España non se mentaliza nen se educa a xuventude nos dereitos dos minusválidos nen dos demais marxidados (nenos, xubilados, tontos e subnormais).

A diversión dos minusválidos

dos é o problema máis discutido e tirado por terra pola parte da aburguesada e egoísta xuventude feminina solteira, que ao non ter ningún problema social marxidado de mala maneira, tratádonos peor cos delinquentes en todos os centros de diversión como bailes, discotecas, festas, viaxes e parques de recreo.

Non vemos solidariedade, igualdade nen tampouco unha firme decisión por parte do pobo galego ou español para romper as barreiras sociais que nos oprimen ou separan as veces deste caprichoso e cachazudo pobo, como son as chicas solteiras que as veces non respetan nen a Casa de Deus cando se senta un dismuido físico perto delas, liscando como alma que leva o demo para outro banco.

Calificamos de abusiva, alcumbe, intolerábel, anticonstitucional e inhumana a actitude vixente aínda de desprécio e agresividade por parte das rapazas nos bailes e salas de festa de cara aos inocentes xordomudos, minusválidos ou calquer fealdade física, cando hoxe a liberdade e a igualdade están por enriba de todo, non negándosele nen aos delinquentes polo que sea. ¿Quén somos nós para ter cos minusválidos tan refinada crueldade nos bailes e festas?

Unha aperta do voso amigo que quere que pensedes.

Euxenio Pérez Vilas.



## andando a terra

Por M. HORTAS VILANOVA

### UNHA CURIOSA IMAXE DE SANTA ANA

Entre os momentos importantes que ten Montforte de Lemos fai que contar o mosteiro de San Vicente do Pino. Está situado no mesmo centro do antigo Castro Dactenio, capital da tribu dos Lemavos, ó decir dos entendidos. A unha veira erguese, forte e fachendosa, a torre do hornaxe do castelo dos condes que foron, que mete medo pola súa altura e pola súa solidez. As xentas populares dicen que unhas ganchos de ferro, que se poden ollar aínda nas outas almenas, eran pra aforcar a malfetores e vasallos rebeldes. Si ó que se iban aforcar lle rompía a corda quedaba libre de culpa. Era o xuízo de Deus que manifestaba así a súa sentenza. Máis de ser certa a tradición popular, as forcas poñían a trinta metros do chão, por un acaso. Por si o xuízo de Deus se mostraba favorable ó reo. Pola outra banda está o pazo, que se vai esborallando dun xeito tristeiro e sin remedio, que erguera o VII Conde de Lemos. Aquel ó que adularon Cervantes, Góngora, Lope de Vega e os Argensola, entre outros ilustres escritores do século XVII español, nomeado Século de Ouro. Polo que semella o señor de Góngora foi hóspede, eiquí no pazo de Montforte, do VII Conde de Lemos. O poeta cordobés non debeu quedar moi gustoso do hospedaxe, a xuzgar o que dixó dos gallegos.

O mosteiro de San Vicente do Pino é de fundación moi antiga. A igrexa actual é dun gótico tardío, maxestuosa, cumprida e de delicada feitura. O edificio do mosteiro é do século XVIII. A súa fachada é fría e armoñosa, dunha xeometría severa e gracio-



Foto XURXO FERNANDEZ

sa ó mesmo tempo. Tamén é moi notable e proporcionado o claustro de dous pisos que, no seu centro, ten un alxibe que recolle

as augas da choiva e que aínda utilizan os escasos monxes. No claustro pódese contemplar a la-

xendaria pia do abade Espasindo. A entrada da igrexa hai un sartego románico dun abade que se chamaba Xoán e que a lenda quere sexa o protagonista do suceso da coroa de lume. Ademais hai unha porta moi interesante, que case ninguén coñece. Está

entre o claustro e a igrexa. Por ela pasaban os monxes. Agora tapáronlle a entrada que tiña ó claustro. E esa porta, que está a mau esquerda do cruceiro, quedou metida nunha trasteira, na que os monxes teñen cousas do culto. Agora o mosteiro está aliñado, en boa parte, a hospedería de alumnos que estudan nos centros docentes da cidade. Pra eso fixeron unhas obras nas que empregaron cemento e ladrillo.

Das imaxes da igrexa conventual e parroquial de San Vicente do Pino hai unha de extraordinario interese. Trátase da escultura de Santa Ana, que ten po polo a Virxe e a Virxen ten, a súa vez, no colo ó Neno Xesús. Este inxénuo e delicioso anacronismo faios cavilar na imaxe

— as imaxes — son creación dun artista popular. As tallas, polo que semella, son do século XV e pertencen claramente ó estilo gótico. Resulta conmovedor e edificante ollar a Santa Ana coa filla medrada no seu colo e con Noso Señoríño, que é o seu neto. Santa Ana ten a testa cuberta cunha touca que lle cai por baixo da papada. Os seus vestidos, o mesmo que os da filla e do neto fan gracioso pregués. E as estatuas están todas elas policromadas. Sin dúbida hai anos que non as pintaron. As cores están un tanto esmaceladas e difusas, con esa cor misteriosa que lle dan os anos. No fondo das imaxes, a xeito de peana, hai reis e profetas. Entre eles o Rei David, de cuia albre xenealóxica procede Noso Señoríño ó decir da Biblia. Tanto os Reis como os Profetas teñen casa ún o seu letreiro en Gótico, para que separemos quen son. Ese letreiro, por sa ún, é como si fora o seu carnet de identidade. Así non hai

añadidas sobre a personalidade da cara ún deles.

De que seipamos ninguén estodou estas imaxes con certo dímemento. E pensamos que val a pena. Tanto pola súa fermosura como pola súa antiguedade e aínda polo curioso do grupo escultórico.

Estas imaxes son de doada localización. Están a mau derita según se entra na igrexa, na nave central. Dána a impresión de que moi pouca xente repaña nelas. Alí están soas, abandonadas, sin unha lampariña que as alumine, a diferenza de San Brais ou da chamada Nosa Señora de Monserrat, que ten aínda moitas lampariñas acesas. E eso que unha virxe branca e, polo tanto, nada ten que ver coa "Monserrat" catalana.

O máis penoso de todo é que a couza está rematando con este singular e fermoso grupo escultórico. Calquera que oña pode ver eses buracuños tan redondos que fai a couza na madeira. E cada día que pasa óllamos máis, sin que ninguén o remedie. Un non se pode espicar tal abandono. Aínda que non somos entendidos neste lero temos a impresión de que, si siquen así, as cousas dentro de pouco este grupo escultórico será unha lembranza. Vai desaparecer gracias ó traballo arreo que a couza fai nel, ante a indiferencia de todos. Por si vale para algo quero dar dende eiquí o meu berro de alarma. O mellor tefío a sorte de que algún me escoite e de que se salve o grupo escultórico que, ademais, non ten ningunha clase de protección contra nada nin contra ninguén. Dende logo esta Santa Ana debe ser moi milagreira. O seu milagre me parece é que chegara de ca, nos nosos días sin outra novidade. Non sei por canto tempo será.

## arredor de nós

por CHAIRA

### ESPACIOS NATURAIS PROTEXIDOS

Coido que está claro que na nosa sociedade, ao tempo que se veu dando un deterioro do medio ambiente, deuse tamén unha maior concienciación, polo menos a nivel teórico, a prol dos problemas ambientais.

Xunto co "crecemento e desenvolvemento" e máis a oportuna sobreexplotación dunha serie de recursos, foi xurdindo unha tendencia á preservación e protección tanto de especies animais e vexetais coma de zonas de interese en xeral.


Penso que detrás disto, polo menos parcialmente, pode haber un certo medo derivado do extermínio dunha serie de especies e o deterioro de espazos naturais de interese, astra o que podería supoñer o non poder dispoñer de "espacios patrón" que poideran servir de comparación para unha análise obxectiva do estado de deterioro doutros.

Por isto e outras moitas cau-

sas, as que pode haber unha xustificación, que non procura dunha solución, encetáronse unha serie de estudos de avaliación do estado do medio natural cara a súa protección.

Para isto, téñense seguidos unha serie de pautas e criterios de diversa casta. Así, entre outros, aténdese á importancia faunística, florística e xeolóxica, ao estado de espazos a protexer, rexistándose aqueles que están nunha fase de degradación; situación xeográfica das áreas, sendo de interese os territorios aillados, non por eso de difícil acceso, pero si que señan zonas cunha densidade de poboación moi baixa ou caseque nula, etc.

Todo isto, xunto con outros aspectos de interese económico, ou de diversa casta, lévase paralelo á procura dunha funcionalidade tanto dende o punto de vista educativo como recreativo. Por iso cabe diferenciar aquelas zonas que se poideran desenrolar



estas funcións e aquelas que polas súas peculiaridades non deran soportado un uso deste tipo.

Sen reparar aquí na categoría en que se poderían clasificar as diversas zonas existentes en Galicia (que se Refuxio de Caza, ou Parque Natural, ou calquera outra), cabe citar varias.

Así, no interior de Galicia temos, entre outras, a Serra de San Mamede, Serra do Courel, Serra dos Ancares e Serra do Xurés; lagoas interiores, como pode ser a de Sobrado, montes costeiros como pode ser o Barbanza e a Capelada, Illas Cíes, Ons, Sargos...; lagoas litorais, marismas (Corrubedo, Louro, Ponteceso...) e rías, o mesmo que certos cursos fluviais.

Estas zonas, xunto con outras que mantiveran unha estreita proximidade cos núcleos de poboación para o seu uso estritamente recreativo e cara a creación de itinerarios de interese, poderían terse, en principio, en conta.



## MUSICA

### O SEGUNDO CUARTETO DE ROXELIO GROBA

Xa temos falado en A NOSA TERRA da importancia cultural de Roxelio Groba para o noso país. Importancia fundamental como pedagogo garantizador de profesionais con preparación para o futuro; como fundador e director da Orquesta da Coruña, poderoso instrumento de difusión musical e a menos evidente polo descoñecemento da súa obra — de compositor que trata con mimo artesanal as súas creacións, constantemente pensadas en función de Galicia e a súa cultura.

A edición fonográfica (1) do seu segundo cuarteto de arcos "Lafa" é unha importante nova para o depauperado catálogo discográfico galego, aínda máis por tratarse dunha versión digna e dunha obra excelente.

O segundo cuarteto foi composto en 1974 nun momento importante do labor creativo de Groba, xa superada a complexidade de acontecementos configuradores da cantata "Nova Galicia" e clarexada a posición do mestre fronte a Galicia. Non é ningún secreto nen o paralelismo entre a posición estética de Groba e a de Bartok, nen a emocionada admisión do galego polo húngaro. Este segundo cuarteto presenta un bo feixe de elementos sonoros galegos, desde o folclore musical astra o uso de "onomatopeias" como a imitación do son do carro pola viola no inicio do adagio.

Neste cuarteto da Groba unha boa mostra do seu oficio compositivo na impecábel escritura e mo acertado uso de ataques e recursos expresivos, sempre ao servizo dun prantexamento de estética nacionalista sen concesións ao tópico ou á presuntamente populista. O carácter socarrón do mestre aparece polos corruñchos sonoros da partitura, especialmente no cuarteto movemento no que o humorismo beethoveniano do Groba se amosa por todas partes. É curioso observar a non renuncia a formas clásicas — que lle serven como instrumento configurador —, por exemplo o movemento lento é un lied no que "canta" o carro e o Presto

estrófica para ironizar, pero ao rigor armónico e contrapuntístico — de novo cuarto movemento, verdadeiro exercicio fructífero para amantes da análise musical —. Ao marxe do maxisterio formal, compre insistir na frescura, na inmediatez desta obra grobiana aínda na evitación de emotivismos de cunho romántico en beneficio do uso de tensores expresionistas.

A interpretación non é excesivamente fidel á partitura, aínda así a serve con gran dignidade e momentos de acerto indiscutíbel polo que merece o noso aplauso.

O disco complétase co cuarteto "Sphaera" de Miguel Alonso, cuarteto que foi estreado en Galicia no curso de Música en Compostela de 1976. Trátase dunhas variacións, entendéndose cada variación como un estudio dun parámetro musical, un ataque, un ritmo, unha sintaxe. O resultado sonoro é moi atractivo e compre admirar o grande oficio do compositor zamorano, estimado por moitos auditores de RNE polas leccións de historia da música que eran os seus programas de "Música de Alemaña", "Música de Austria"... A interpretación de "Sphaera" é superior á de "Lafa" se ben o sacrificio da meticulosa dinámica do autor perxudica o resultado sonoro ao perder a levedade que lle confire o encanto.

Coido excusado recomendar este disco pola súa importancia para nos e co atractivo de engadir unha obra importante e fermosa na outra banda. A grabación é boa e as notas de carpeta — de Miguel Alonso e Julio Andrade — moi claras e informativas.

Xoan M. Carreira

(1) Roxelio Groba — CUARTETO II "Lafa". Miguel Alonso — "Sphaera".  
Cuarteto Sonoro AC S.E. — Movieplay — 17.1541/5  
Grabación — B Interpretación — B e B Interés — Moi grande.  
As partituras están no catálogo de Ed. Alpuerto.

## CINE

"Hungaros" (Zoltan Fabri)

Chega agora as pantallas un bo expoñente dunha cinematografía bastante inédita nos cines comerciais, a cinematografía húngara. "Hungaros", de Zoltan Fabri, é, ante todo, unha película sorprendente, sorprende a emotividade, a beleza da narración, a fonda amargura do discurso. A película abrese cuns versos do gran poeta nacional húngaro Attila Jozsef e mantén unha estrutura estacional, que a súa apertura é o tren no que marchan os emigrados en busca de traballo e cuxo peche é o tren no que voltan a marchar estes húngaros a loitar nunha guerra que non entenden e para eles é absurda.



A base argumental sería a explosión duns emigrados húngaros en Alemaña e a súa relación, primeiro tanxencial, logo directa, co conflito bélico. Pero, por arriba disto, a película é unha soberbia pintura do pobo húngaro, vivamente retratado, co seu rico linguaxe e a súa forma de ser peculiar. Pero e tamen un retrato fiel da miséria, de todos os pobos que se ven obrigados a mendigar a miséria lonxe da súa terra, de todas as xentes que se ven aplastadas pola manipulación relixiosa, a ignorancia cultural e o subdesenvolvo. O retrato é pois universal, e o pobo galego, forzado á emigración, non está lonxe desta identificación. Por arriba da beleza plástica das imaxes, por riba do equilibrio entre narración realista e alusións oníricas (por outra banda, dunha gran beleza formal, como a escea do soño do húngaro que

morrera lonxe da súa patria), é impresionante esta película e a tensión latente entre resignación e protesta que recorre toda a cinta. Ese grupo húngaro, símbolo do destino dun pobo, verdadeiro protagonista colectivo do film, mantén a súa coesión contra a amargura e a miséria, mantén a esperanza na volta a terra, no reencontro cas raíces, dándolle ao conxunto do film un contido épico. A ignorancia, a amargura ("¿Qué batalla gañaron os húngaros?" preguntábase os protagonistas) son sempre fillos da miséria e da opresión.

M.V.  
27-2-80

## LIBROS

Por AMARO VEIGA

### ECONOMIA MARXISTA

Varios artigos do profesor Lopez-Suevos, da Facultade de Ciencias Económicas da Universidade de Santiago, son recollidos nun libro intitulado "Do capitalismo colonial", mais suxeiramente en canto ao título do que resulta logo o contido. Publicados en prensa española como "La Voz de Galicia" e "El Ideal Gallego" ademais do semanario nacionalista A NOSA TERRA, estes artigos, segundo o autor, están divididos en tres partes relativas a métodos e fontes estadísticas da estrutura económica galega, análise sectorial e diversos. Crítica no introito a A NOSA TERRA por non lle ter publicado algun traballo inxerido no libro coa rapidez que o autor desexaba, se ben este semanario non lle pechou as portas a este profesor galego, segundo puido averiguar este comentarista. Os traballos, en xeral, xa coñecidos por estar publicados anteriormente, nos medios citados, amosan a fondura de pensamento e rigor científico propio de Lopez-Suevos; porén, algun non debía ser incluído neste feixe de artigos, malia a súa oportunidade nun intre concreto, tal e o caso de "A Universidade e o desenvolvo económico de Galicia", ab remate do cal se ofrece unha alternativa xa de mais ultrapasada. Endeben, os mellores traballos como aportación teórica están contidos nos primeiros IV capítulos, escosados nos capítulos VIII, IX e X, a saber os

"Emigración e desenvolvo Galicia-Estado español", "Diferencias cualitativas son estruturais", "Encol do colonialismo (importante aportación)", "Proletariado Industrial e colonialismo", "A estratexia do desenvolvo económico de Galicia", "Para unha industrialización axeitada de Galicia", "A integración na comunidade económica europea, un debate necesario", "Da viabilidade económica das pequenas nacións" e "Crítica do Programa de 'Unidade Galega'".

Seica neste último traballo o autor aínda puido ser algo máis "crítico" en canto se refire a alternativa de "Unidade Galega", (que se contén no "libro negro" espallado nas últimas eleccións xerais) nos aspectos políticos e non sinxelamente económicos do programa desta coalición, pois viña representar unha alternativa neocapitalista e colonial (en base ao soporte de dados de entidades coma Sodiga) sen cuestionar fundamentalmente a estrutura do Estado capitalista español; isto e o seu programa, podía perfectamente ser a base dun programa industrializador pseudoprogresista da nosa nación, sen ter en conta medidas reais de planeamento económico vinculadas en defensa das clases traballadoras e das camadas populares galegas desde unha perspectiva radicalmente nacionalista. Non abonda con facer unha crítica esencialmente económica sen tirar conxuntamente os datos políticos correspondentes. Nunha palabra, o programa de "Unidade Galega", que e de supoñer non admitiría o PG p ex, sería perfectamente asimilable polo capitalismo español, como noutra orde de cousas e asimilable a nivel europeo e español mesmo peninsular, o eurocomunismo (Vexase senoo o último informe ao respecto da Trilateral).

De todas maneiras, aportacións como as do profesor Lopez-Suevos venen marcar fitos dentro do que podemos chamar economía marxista galega, que permite o avenge non só teórico senon tamén práctico do nacionalismo neste sentido ideolóxico. A elaboración teórica sobre o colonialismo pertence a economía das "pequenas nacións" permiten, pois, levar importantes consecuencias prácticas para os nacionalistas por mor destes traballos do profesor Lopez-Suevos.

## AXENDA

### MOSTRAS

Jazeh Tabatabai Diputación provincial Lugo.

Manuel Facal "Retratos de Rosalia" (augafortes). Homenaxe no Centenario de "Follas Novas". Do 17 ao 30 de Abril. Galería Sargadelos. Rúa Nova Santiago.

Antonio Medina. Cerámicas Astra o 15 de Abril. Galería Sargadelos Zubano-46 Madrid.

Xavier Pousa. Oleos. Astra o 23 de Abril. Galería de Arte "Citania" Santiago.

"Presencias". Mostra de cerámica de Laura Alvarez. Astra o día 15 Na Saa de Cultura do Ministerio de Cultura. Rúa do Vilar, 35 primeiro Santiago.

### CINE

A chave e O día da Terra. Películas da OLP en cóp. versión española. Saba do 12, ás 7 da tarde, co gallo do Día da Patria Palestina. Kiosko Alfonso A Coruña.

¡Pero se o que quero e só que me

queiras! - R.W. Fassbinder. Cine moalemán. 1976. Día 16, ás 8 do serán. Cine-Club "Padre Feijóo Casa da Cultura Ourense.

Toni, de J. Renoir (1935). Día 16, ás 8 do serán. Cine-Club "Padre Feijóo Casa da Cultura Ourense.

Que empece a festa, de B. Tavernier (Francia). 1975. Día 18. As 10,30 da noite. Cine-Club "Padre Feijóo Ourense

### RECITAIS

Emilio Cao. Sábado 12, ás 8 do serán, no Coléxio Salesiano A Coruña.

### PUBLICACIONES

Trobas doceles. Cartafol de poemas de X. Luis Rei Núñez. Editado por "Papéis miradriáns", impreso en "Lerman" da Coruña.

### ACTOS

HOMENAXE A LUIS SEDANE. Organiza o Axuntamento do Grove un fimo de actos arredor da figura do



ilustre galego, na que se darán cita, segundo propia declaración "os nosos traballadores manuais e intelectuais en tributo de fondo recoñecemento á súa vida e obra". A celebrar do día 12 ao 20. O Grove

### DISCOS

#### TETE MONTOLIU AL PALAU

Ediga-Zeluste Um 2057  
Valor musical. — Sobernio  
Grabación. — 8.

O disco é unha grabación do recital que o 8 de maio pasado deu Tete Montoliu acompañado por Eric Peter ao contrabaixo e Aldo Caviglia na batería no Palau da Música Catalana. Sen esquecer a súa liña de corrección cásque académica, Montoliu interpreta unha colección de "standards" e presenta un par de creacións propias. Testemuña importante dunha vida entregada a un quefacer artístico e que non dubidamos en recomendar.

#### Johann Sebastian Bach. — Os tres Concertos para violín

Yehudi Menuhin (director solista).  
Christian Ferras (2 violín)  
Bath Festival Orchestra  
EME-Odeón 037-000174

Georg Friedrich Haendel. — MUSICA PRA OS FOGUETES ARTIFICIAIS.  
CONCERTO PRA VIOLIN

#### DOBLE CONCERTO PRA CORO DE METAIS, CORDAS E BAIXO CONTINUO

Yehudi Menuhin (Director e solista)  
Menuhin Festival Orchestra  
EMI-Odeón 037-0001962

Na serie económica "Acorde" presentámonos dúas grabacións barrocas de Yehudi Menuhin. Aínda que dende o eido interpretativo se fan moi discutíbeis, a musicalidade de Menuhin é tal que fai que esquezamos a caracterización estética da obra pra mecemos na creatividade de intérprete. Dúas xoias.

#### The Pentangle. — THE PENTANGLE & BASKET OF LIGHT

CFE - Guimarda DD 22025/26  
Novamente dous discos ao prezo dun solo. Sa temos esgotados louanzas pra benfacer de Bert Jansch e John Renbourn. Doce anos logo da grabación seguen a ser tan frescos como o primeiro día.



# curso de lingua

CASTELAO: *Sempre en Galiza (e IV)*

X. M. Dobarro Paz  
M. P. Garcia Negro

En varias ocasións ouvín a intelectuais casteláns dos que finxen seren liberales e comprensivos: falar dos problemas lingüísticos de España coma dunha cuestión morta, inhibidos con xesto de "trunfadores, por puro dereito de superioridade natural... Din eles que endexamais se prohibeu o emprego das diferentes linguas españolas, e que o feito da imposición do castelán só se pode atribuír ao esmorecemento das outras linguas e á forza cultural que a lingua de Castela posuía no intre en que se realizou a unidade. Intentan poren en ridículo aos que protestamos da violencia asimilista de Castela, e a estas outuras pretenden existirmos unha proba documental da nosa escravitude. Negan a intención imperialista da meseta e o propósito de chegar á unidade lingüística como se chegou á unificación relixiosa, asegurando que o galego "morreu de morte

Nos imos a supor que non se dictou ningunha ordenanza real prohibindo a lingua galega nos documentos públicos; pero é indiscutible que sóo eran válidos os documentos redactados en idioma castelán, na lingua oficial de España. Nos imos supor que endexamais se dixese "fica prohibido usar o galego"; pero é indiscutible que sóo se ensinou o castelán nas escolas e que os galegos non podían escribir e leer o idioma que falaban. ¿Houbo ou non unha política asimilista?

"O galego — din alguns intelectuais casteláns — é unha "lingua rústica". Imos a supor que non é máis que eso; pero ningún pode negar que aínda existe. Este regocijo dos intelectuais casteláns, e a súa condoléncia finxida — que quer ser póstuma —, estaría no seu punto se Galiza falase en castelán; pero aínda fala galego, anque non seipa escribilo e anque lle custe traballo leelo. Calquera persoa pode decatarse de que a

lingua da meseta non se impuxo pola forza da súa cultura, a pesares de catro séculos de imperialismo castelán e de obrigatorio apredizaxe do idioma do Estado, pois os galegos aínda preferimos a nosa "lingua rústica" á que nos imponen. Non hai dúbida de que Galiza conserva o seu idioma porque non ningún outro pode expresar mellor as súas ideas e os seus sentimentos, é dicir, a súa cultura; e, polo tanto, non hai para que falar da superioridade cultural de Castela, a non

ser que se ignore o valor da verba "cultural". Castela logrou asimilarse a León e Asturias — poño por caso — como antano o latín asimilou a lingua que se falaba en Galiza, da que sóo poderán atoparse restos nas toponimias; pero falar de asimilación de Galiza e cantarlle o responso á nosa fala é unha vaidade propia de casteláns. A verdade está xustamente no contrario do que aseguran os "catedráticos de secano", pois Galiza sigue falando galego porque ten unha cultura máis forte que a dos casteláns. O feito de que o galego chegase a ser — como eles din — unha "lingua rústica" é un delito que se lle pode achacar á hexemonía política de Castela, que o destruíu das escolas e das solemnidades cidadáns; pero afortunadamente a nosa lingua está viva e frorece en Portugal, fálana e cultívana máis de sesenta millóns de seres que, hoxe por hoxe aínda viven fora do imperialismo hispánico. Poden os Estados Unidos de América — citemos este exemplo — rebaxar o castelán **Porto Rico** a triste categoría de "lingua rústica", porque isto é doado con sóo ensinar o inglés nas escolas; pero do imperialismo yankee protestan os intelectuais casteláns...

Seríamos parvos se non reaccionásemos contra os finxidos partidarios da cordillidade hispánica cando supeditan esta cordialidade a un sometimento do galego á súa tradicional intransixencia. Nós non podemos esquecer que dende a Escola, a Cátedra, o Púlpito, a Tribuna, o Tribunal, a Oficina e o Coartel, o dedo erguido do Estado hispánico imponía silencio aos que intentaban falar galego. ¿Que non

se imponía o castelán?... Eu vin a un Presidente de Audencia prohibirle a un abogado que interrogase a un labrego galego en galego, fundándose en que o galego entendía o castelán i el (o Presidente) non entendía o galego; pero é indiscutible que as declaracións traducidas "inmente" polos testigos non son testimonios íntegros, e que, polo tanto, nin se concibe un xuez en Galiza que non seipa o galego nin se concibe que un abogado non poida interrogar a un testigo na súa propia lingua, aínda que sexa "rústica"... Podíamos encher páxinas con relatos de feitos semellantes, nos que se víse como a costume, convertida en lei, foi unha arma violenta, cuxa violencia chegou a ser irracional cando as "linguas rústicas" renascían literariamente. Xa morrera Rosalía, Curros e Pondal, e creouse en Madrid unha "Cátedra de Lingua e Literatura galaico-portuguesa", pero esta mesma Cátedra folle negada a Universidade de Galiza, que era onde debía existir. Non imos falar dos tempos da monarquía nin dos de agora; pero comprendo que o Goberno provisional da República fíxose o xordo cando Galiza demandou un decreto a prol do bilingüismo escolar, semellante ao que se lle concedeu en Cataluña, e o Ministro de Instrucción Pública contestou a todos os telegramas que nós lle dirixíramos coa mesma fórmula revellida: "Este Ministerio estudia con sumo interés el caso de que ustedes le plantean". Eu recibín, por tres veces, a promesa de que crearían Cátedras de galego nas Escolas Normales de Galiza, e na derradeira conque autorización para comunicalo á prensa; pero eran promesas falsas. ¿Podo eu esquecer como as Cortes constituintes desbotaron unha enmienda, que eu presenteí e defendín, na que sóo se pedía liberdade para as linguas españolas non termos en que xa estaba concedida para o catalán?

Tamén podo dicir un intelectual da República que non se prohibeu o uso do galego; pero abonda coñecer o artigo 4 da Constitución para saber que, de feito e de dereito, sobrevivía no novo réximen a intransixencia monárquica: "El castellano es

es idioma oficial de la República. Todo español tiene obligación de saberlo y derecho a usarlo, sin perjuicio de los derechos que las leyes del Estado reconozcan a las lenguas de la provincias o regiones. Salvo lo que se disponga en leyes especiales, a nadie se le podrá exigir el conocimiento ni el uso de ninguna lengua regional". Veláhi os termos en que a República liberal e democrática resolvió o problemada linguas. Pode dicir un intelectual castelán que o galego sería libre en canto Galiza demandara esas leis especiais; pero é que nós demandámolas e non fomos atendidos. Con todo, xa podemos amostrollar aos intelectuais casteláns unha proba documental da imposición de Castela, pois se a Constitución da República se mostrou xenerosa, abrindo posibilidades que antes non existían, é porque se intentou unha reforma xurídica — reforma que sóo se comprou para Cataluña — tendendo á liberdade das linguas.

Poden os intelectuais casteláns enorgullecérense pola súa hexemonía oficial e poden citarnos aos cofrades galegos que sóo usan a lingua do Estado; pero non poden dicir que o seu idioma matou aos demais idiomas hispánicos, porque aínda siguen vivos na boca do povo, que é que crea e sostén as linguas. Así eu digo que a nosa "lingua rústica" vive porque aínda temos moito que dicir dela.

Hoxe damos remate a este pequeno ciclo dedicado a Castelao. O noso propósito foi facer unha aproximación aos diferentes aspectos da súa obra. Esta semana correspondelle ao capítulo do ensaio e, por iso, escollémos un texto da súa obra máis significativa, *Sempre en Galiza*, que precisamente serviu para dar título ás leccións e el adicadas.

*Sempre en Galiza* (concluída en 1944) é unha obra fundamental non xa como libro da literatura galega, senón como expoñente da teoría e da práctica dun político patriota como Castelao, lito fundamental na historia do noso nacionalismo. As páxinas do *Sempre en Galiza* son boa proba do grao de lucidez e clarificación con que Castelao analizou a problemática nacional de Galiza e as posturas dos políticos republicanos. Véxase a marxistal disección que fai no texto que reproducimos das actitudes dos intelectuais españois, represores e condentescentes ao mesmo tempo. Actitudes, por certo, que seguen tendo os seus colegas de hoxe, ilustres representantes, tanto na de-

reita como na esquerda, da mesma mentalidade españolista dos seus antepasados da República.

Son moitos os anos que se poderían seleccionar do *Sempre en Galiza*, aínda atendendo só ao criterio da súa vivencia. Decidimos por este tendo en conta que fala da problemática da lingua, en atención ás características do Curso e á súa actualidade. Comparin por certo os propagandistas da Constitución española actual — alguns deles, segundo manifestan, afervoados admiradores da persoa e da obra de Castelao — o artigo da Constitución republicana que reproduce Castelao co correspondente da Constitución en vigor e vexan como está informado da mesma letra e do mesmo espírito.

Castelao, anti-imperialista convencido, sabía ben — como os auténticos nacionalistas de hoxe — da importancia fundamental do noso idioma no proceso de conquista dos nosos dereitos como povo. Nós tamén, como Castelao, dicémoslles que seguen a ser uns imperialistas fracasados e, tamén como Castelao, que aínda temos moito que dicir na nosa lingua.

No aspecto lingüístico, reparémos en primeiro termo na concepción que do noso idioma tiña Castelao: "... a nosa lingua está viva en frocere en Portugal..."; concepción que comparte calquera que teña un mínimo coñecemento de lingüística e non padeza de fobia anti-portuguesa. É obvio, por outra parte que Castelao non padeceu ningunha enfermidade infantil do nacionalismo que lle impedise ver que o problema do idioma era político, como ben ás claras demostra o texto que presentamos. E por iso que os nacionalistas de hoxe debemos loitar por descontaminar o noso idioma tanto das influencias da lingua colonial como dos vulgarismos, que aparecen, como é lóxico, en todas as linguas no nivel oral deixando o contrario, isto é a defensa da lingua contaminada aos españois e pseudonacionalistas até que consigán confundir galego e español, idioma este que é o que, en definitiva, están dexosando falar, aínda que non o fagan por problemas de oportunismo ou de mala conciencia.

Mais Castelao non era bilingüe e aínda que como xa quedou apuntado escribiu un galego popular elevado a categoría literaria, o perigo que via no español levouno a botar man de diferencialismos de todo tipo. Así neste anaco encontramos hipermetatismos: **Tribuna, oficina, silencio, provisional, enorgullecérense (X Tribuna, oficina, silencio, provisional, enorgullecérense), vulgarismos lingüísticos, cusion, linguas, coartel, ignore, exemplo, intelectuais, existe...** (X lingüísticos, cusion, linguas, coartel, ignore, exemplo, intelectuais, existe...) grafías arcaicas: **renascían (x renacián)** usos dislocados: **conquerir** do verbo **conseguir**, para evitar o emprego desta palabra común, sometendo palabras a evolucións fonéticas que non tiveron lugar: **outura** (creato a partir do arcaico **outo**, conservado hoxe na toponimia: **Pelouto, Picouto, Moutouto...**) para evitar **alturas**.

## ENRIQUE LABARTA POSSE

Non troido nen xiqueta (1868) un anaco de tempo, sen lembrar dos moitos fillos que tivo Galicia ao pasar dos tempos, co mesmo que brillantes estrelas diron gloria e nome á súa terra. Un deles foi o xenial poeta, Enrique Labarta Posse. Nasceu na agromosiña aldea de Baio (Coruña) no ano 1863, sendo escolar da Universidade compostelán, onde lle deu fin á carreira de Dereito que non chegou a exercer polo namoro de adicarse de cheo ó xénero poético que lle daba recantos a seu inquecido espírito. Polo que moi axiña adquiriu celebridade. Por opostos vieiros, foi a súa fervente imaxinación que levou a bñ fin tanto no verso sentimental, coma no satírico e gracioso humorismo incomparable. Como improvisador abondo-

so, tivo semellanza polos intelectuais do seu tempo, non Narciso Serra, Felipe Perez e Vitel-Aza. Nesta cidade, fundou e dirixiu a frolescente Revista "Galicia Humorística" no ano 1888 ao mesmo que a "Galiza Moderna". En Pontevedra, tamén fundou outra de moito interés, baixo o título "Estráuto da Literatura". Foi Enrique Labarta un incasábel poeta tanto en galego como en castelán; en Revistas é xornais, entre elas a ben coñecida "Ilustración Galega y Asturiana". Tivo este bñ poeta, a dita de coñecer a gloria dos seus méritos, polo feito que gañou moitísimos premios en todos os xogos froráís e certames a onde quer que fora. En todas as belidas composicións se erguia b seu forte xénio polas satirizacións que lles daba bñ termo. Sempre amigu a súa terrilla; con dorida é doce morriña, proba que na "Co-



lonia Galega" de Buenos Aires foron moi buscados os seus traballos como o "Problemaiteiro de Eivo", un Caldo de Nemeo Galiziano "Touros en Lúa" como

outras mais. A súa millón-felicidade sen dúbida ningunha era a de ficar na súa aldea, mais non foi así. Da Diputación de Pontevedra onde fora funcionario moito tempo, foi trasladado para a de Barcelona, onde un tristeiro día morreu baixo da rodas dun tranvía nos primeiros anos deste século. Así, con dor á súa memoria como un namorado da súa obra tan fermosa, adicolle estes sentimentáís versos.

*Dende louvanos baurizontes vias/  
o teo fogar, pináts e lago as/  
querendo sere enterrao baixo ó  
caupanario/ da tua aldea de Ba-  
yo. ¡Miña xoya!...! ¡Pero ose  
ante a tua mortaza esquencida/  
Galiza te lembra, te admira e  
chora!*

ANTONIO PRADO DIAZ

## SOLUCIÓNS

### Taboleiro:


"Marchémonos moi cedo cara as viñas para vermos se frolecan os bacelos... se a froel se froca en froito... se xa botaron froles as mazoiras... alí ofrendareiche o meu namoro!"

A Cantiga das Cantigas 7.12  
Trad. M. Casado Nieto

- |                     |             |
|---------------------|-------------|
| Chave:              | 1) Froselos |
| A) Moforte de Lenos | 11) Froso   |
| B) Manuel María     | M) Lúa      |
| C) Compostela       | N) Vaca     |
| 3) Camariñas        | O) Cheos    |
| 4) Pervezas         | P) Frocha   |
| 5) Antroido         | Q) Fro      |
| 6) Baviñas          | R) Fro      |
| 7) Fro              | S) Fro      |
| 8) Fro              | T) Fro      |



# A NOSA TERRA



## SOBRE A XEOLOXIA DE GALICIA

Acela Figueroa Panisse

### A Nosa historia Xeolóxica

A Galicia é o resultado, xeoloxicamente falando, de dúas compresións moi antigas que se perden na noite dos tempos. A **Huroniana** que aconteceu nos tempos precámbricos, é dicir, antes da Era Primaria. Esta compresión ou oroxénia afectou ao que chamamos macizo galego na dirección SW-NE.

A outra compresión que conforma o macizo galego é a **Herciniana**, máis moderna no tempo do que a anterior, aínda que de todos xeitos orientada nun tempo moi antigo, durante a Era Primaria.

Practicamente todos os materiais que ergueron estas oroxénias superficie os núcleos e basamentos daqueles pregramentos e cordilleiras formando as rochas que maiormente atopamos na nosa Terra.

As rochas galegas son, por iso, na súa maioría arcaicas, isto é anteriores á Era Primaria. Dun tempo que pode ir entre os 3.500 aos 570 millóns de anos e nas referidas á Era Primaria, dos seus períodos inferiores, isto é Cámbricas e Silúricas. As máis antigas datacións feitas dan a idade de 900 millóns de anos, non se atopando sedimentos de fins da Era Primaria (Carbónifero e Permiano) nen da Era Secundaria.

Da Era Terciaria aparecen algúns sedimentos acumulados nas bacias deixadas por faltas ou rompemento dos materiais existentes, como no caso da de Baldaio-Porriño, Meirama, As Pontes. Son xa posteriores aos manchóns de Xinzo, Monforte e Terra Chá, por exemplo.

O Cuaternario propiamente dito está pouco mal representado, sen dúbida por mor do clima galego que non é doado para conservar sedimentos nen fósiles, porque o seu poder meteorizante e o ambiente altamente acedo xerado destrúen os restos posibles. Os materiais deste período último fican case sempre localizados nas brañas, gándaras, beiras e desembocaduras dos ríos.

Porén a distribución dos materiais formados nas diferentes Eras garda en Galicia unha certa ordenación. Así, en Galicia **occidental** predominan os materiais do Precámbrico, que están representados por rochas mágnicas e metamórficas. Toda vez que ao longo da súa historia sufriron estes materiais movementos de compresión (oroxénese) e complexos movementos basculamento (epiroxénese) con intrusións mágnicas, os sedimentos posibles atopáanse alterados polo proceso coñecido como metamorfismo.

En Galicia **oriental** predomina os materiais do tempo do Silúrico e Cámbrico, constituíndo rochas do metamorfismo máis baixo do que as anteriores, mesmo

con materiais de tipo metasedimentos. Estas rochas aparecen con intrusión de rochas mágnicas graníticas máis novas do que as da zona occidental, deixando puntos de contacto de ambas as dúas rochas unha aureola de material metamorfozado, chamados aureolas de contacto.

### As nosas rochas e a súa distribución

As dúas rexións galegas, oriental e occidental, pódense considerar, en termos serais, como afastadas por unha grande falla en dirección N-NW, de carácter probablemente profundo, que vai desde Valdoviño astra as terras de Ourense, perdéndose no que hoxe é Portugal.

Paralela case a esta fractura aparece unha formación rochosa constituída por un gneis especial, que aparece no N, na illa Coelleira, percorre Galicia astra o Sul, nas terras de Ourense, desaparecendo para voltar aflorar nas terras da actual Zamora. A esta clase de rocha e á súa formación, chámasele "ollo de sapo", termo acuñado por Parga Pondal, baseándose no nome imposto polo noso pobo.

Entre esta formación de ollo de sapo e a falla N-NW aparece ao Norte o complexo do Cabo Ortegal, delimitado por un sistema de fallas que conforman unha cuña de rochas básicas e ultrabásicas de elevado grao de metamorfismo. Son da clase que se supón pode estar conformado o manto terrestre isto é Ecloxitas, Anfibolitas, Peridotitas.

En Galicia oriental pódense dixergar varias unidades rochosas que se diferencian do conxunto. As, as rochas

des rochas que se diferencian do conxunto. Así, as **rochas básicas do Iopolito**, anel de rochas de tipo básico (gabros, peridotitas,) arrodando polo sul a denominada comarca das Mariñas; anel que reaparece na comarca de Lalín.

**Os xistos**, que constitúen formacións moi espalladas de rochas metamórficas, de estrutura laminar ou foliar, espalladas ao Norte de Santiago pola comarca das Mariñas, e de Norte a Sul atravesando as Rías, en sentido lonxitudinal.

**Os gneis do complexo antigo** que constitúen un arco aberto coa cavidade cara o interior de Galicia e que vai desde Laxe astra o Sul, atravesando as Rías en sentido transversal, de forma paralela á formación de xistos. Este grupo gnéisico, conformado por rochas acedadas metamórficas de composición semellante ao granito, dá orixe a un gneis con grandes bolas de feldeespato, polo que é coñecido co nome de gneis glandular.

**Os granitos vellos de dúas micas** ou granitos de grán

fino, chamados por Schult granito común, por ser o máis abundante nesta zona occidental. E o granito de Pontedelas, da Serra do Suído, co que se adoitan construír as casas de perpiño tan abundantes nas terras pontevedresas.

**Os granitos novos**, chamados porfídicos, porque non teñen homoxeneidade nos seus grans, senon que presentan uns cristais grandes de feldeespato. Son máis resistentes que os granitos vellos e conforman eses penedos de Traba, polo que Parga Pondal chamounos de tipo Traba. Empréganse nas terras do Sul para facer os soportes das viñas e os valos das veigas, aproveitando o seu xeito peculiar de fender, que tan ben coñecen os cantellos.

En Galicia oriental atopáanse as **cuarcitas do Silúrico** que están espaxadas por toda a zona máis oriental, atopáanse nelas frecuentemente segregacións férricas. Estas cuarcitas están atravesadas pola única formación caliza que presenta a nosa Terra.

A **formación caliza**, que se atopa nesta zona oriental, penetra pola actual Asturias astra Mondoñedo, reaparece en Lugo recorrendo en bandas paralelas a estrada a Castela para aflorar en Becerreá, en f **formación**

A **formación caliza**, que se atopa nesta zona oriental, penetra pola actual Asturias astra Mondoñedo, reaparece en Lugo recorrendo en bandas paralelas a estrada a Castela para aflorar en Becerreá, en forma de penedos, cubertos de vexetación polo que fican agachados á vista.

**Os granitos de intrusión**, tamén nesta zona, forman núcleos graníticos de idade máis nova do que os occidentais, o de Lugo está formado por un granito de turmalina o mesmo do que está feita a catedral luguesa; tamén se atopan en Burela-Viveiro, no Norte, etc.

**As arxilas** que forman acúmulos en lugares como Terra Chá luguesa ou abacia de Monforte de Lemos, constituída por arxilas ricas en carbonatos cálcicos, que se coñecen co nome de **margas**. Aproveítanse parara a fabricación de cemento. Atópanse tamén arxilas na Límia de Verín.

**Os xistos ou pizarras**, con alto grao de metamorfismo son moi abundantes nas terras luguesas e de Ourense, empregándose para facer os tellados. As máis famosas son as do Barco de Valdeorras, hoxe dirixidas á exportación explotadora dos noso recursos.

Fican outras rochas como as brechas, milonitas, caolins, lignitos, etc. que forman enclaves moi concretos na nosa Terra e que son obxecto de explotación explotadora, dos que compriria falar nun traballo de carácter máis practico de que o presente de divulgación xeral, noutra ocasión.